



Convocatoria Segundo Exame de Acceso á Avogacía 2024

*CONVOCATORIA DA SEGUNDA PROBA DE AVALIACIÓN DE APTITUDE PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA
PROFESIÓN DA AVOGACÍA PARA O ANO 2024*

MODALIDADE EN LIÑA

NOTA: Debido á modalidade en liña do exame e á aleatoriedade das preguntas e respostas, o seguinte modelo recolle o contido íntegro das preguntas e respostas, e salienta en formato vermello a resposta correcta.

A. MATERIAS COMÚNS AO EXERCICIO DA PROFESIÓN DE ABOGADO/A

1 – Conforme o Estatuto xeral da avogacía española, a que entidade corresponde exercitar as accións que garantan o cumprimento das normas reguladoras do exercicio da profesión polos profesionais da avogacía?

- a) O exercicio de tales accións corresponde, en exclusiva, ao Consello Xeral da Avogacía.
- b) Aos colexios da avogacía, aos consellos autonómicos e ao Consello Xeral da Avogacía Española.**
- c) O exercicio de tales accións corresponde, en exclusiva, aos consellos autonómicos.
- d) O exercicio de tales accións corresponde, en exclusiva, aos colexios da avogacía.

2 – Carla, profesional da avogacía, colexiada como exercente, foi nomeada para desempeñar cargo ao servizo da Administración estatal, incompatible co exercicio da avogacía. Con todo, transcorrido un mes desde o seu nomeamento, non formalizou a súa baixa como exercente. Que consecuencias poden derivarse da actuación de Carla?

- a) A xunta de goberno do colexio no que Carla está colexiada poderá suspendela preventivamente no exercicio da profesión, pasando á condición de non exercente e acordando asemade incoar o correspondente expediente disciplinario.**
- b) Atendendo ao tempo transcorrido, non terá efecto ningún, pois Carla dispón dun ano para formalizar a súa baixa como exercente mediante comunicación dirixida á xunta de goberno do seu colexio.
- c) A xunta de goberno do colexio no que Carla está colexiada non poderá suspendela preventivamente no exercicio da profesión, aínda que poderá acordar a incoación do correspondente expediente disciplinario.
- d) A xunta de goberno do colexio no que Carla está colexiada poderá suspendela preventivamente no exercicio da profesión, pasando á condición de non exercente, aínda que iso excluíra a posibilidade de acordar a incoación do correspondente expediente disciplinario.

3 – A que órgano corresponde resolver sobre as competencias para tramitar as solicitudes de asistencia xurídica gratuíta, en caso de conflito entre colexios pertencentes a distintas comunidades autónomas?

- a) Ao Consello Xeral da Avogacía Española.**
- b) Ao Consello Autonómico.
- c) Ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes.
- d) Á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta.

4 – Carmen, profesional da avogacía, presta os seus servizos por conta propia como titular dun despacho. Ante a subida do prezo do alugueiro do local que ocupa, pasa a compartir este local con Paula, unha compañeira que tamén presta os seus servizos por conta propia como titular dun despacho, mantendo, non obstante, a independencia de cada despacho, así como a súa identificación individual ante os clientes. Que efecto produce tal circunstancia na forma de exercicio profesional de Carmen?

- a) Carmen non perde por tal circunstancia a condición de profesional da avogacía titular dun despacho individual.**
- b) O feito de compartir local implica que Carmen e Paula pasen a exercer a avogacía por conta propia en réxime de colaboración profesional.
- c) O feito de compartir local implica que Carmen e Paula pasen a exercer a avogacía colectivamente.
- d) O feito de compartir local implica que Carmen e Paula pasen a exercer a avogacía en réxime de colaboración multiprofesional.

5 – Carlos, profesional da avogacía, recibiu dun cliente o encargo da dirección profesional dun asunto que estaba encomendado a outro compañeiro a quen procede a substituír. Carlos non lle comunica ao compañeiro que recibiu tal encargo. Pode derivarse para Carlos algunha responsabilidade por esta conduta?

- a) Non, a responsabilidade da comunicación corresponde exclusivamente ao cliente.
- b) Non, aínda que Carlos debe, por cumprimento das normas deontolóxicas, comunicarllo ao seu compañeiro, o incumprimento deste deber de comunicación non pode constituír infracción ningunha.
- c) Si, tal incumprimento constitúe unha infracción leve.

d) Si, tal incumprimento constitúe unha infracción grave.

6 – Raúl, profesional da avogacía, foi sancionado pola comisión de infracción con sanción de multa pecuniaria por importe de 5.000 euros. Cando poderá ser cancelada, a instancia de Raúl, a anotación da sanción no seu expediente persoal de Raúl como colexiado?

- a) Transcorridos seis meses, contados desde o día seguinte ao cumprimento da sanción, sen que incorrese en nova responsabilidade disciplinaria.
- b) Transcorridos seis meses, contados desde o día seguinte da imposición da sanción, sen que incorrese en nova responsabilidade disciplinaria.
- c) Transcorrido un ano, contados desde o día seguinte ao cumprimento da sanción, sen que incorrese en nova responsabilidade disciplinaria.
- d) As anotacións de sancións non son cancelables a instancia dos interesados, senón unicamente de oficio.

7 – Ao convir libremente co cliente a contía dos honorarios, que debe, en todo caso, respectar o profesional da avogacía?

- a) A vontade do cliente, á que debe en todo caso atermarse sen impoñer a súa propia.
- b) Unicamente as normas deontolóxicas.
- c) As normas deontolóxicas e sobre defensa da competencia e competencia desleal.
- d) Non existe límite á libre conveniencia da contía de honorarios entre o cliente e o profesional da avogacía.

8 – Cal das seguintes funcións corresponde aos colexios de avogados no seu ámbito territorial?

- a) Impulsar a adecuada utilización por parte dos colexiados das tecnoloxías da información e as comunicacións no exercicio profesional e nas súas relacións corporativas.
- b) Homologar as escolas de práctica xurídica creadas por outros colexios de avogados.
- c) Convocar o Congreso da Avogacía Española.
- d) Exercer a potestade disciplinaria con respecto aos membros do Consello Xeral da Avogacía.

9 – En que suposto se presume que existe exercicio colectivo da avogacía?

- a) Cando o profesional da avogacía concerte acordos de colaboración para un determinado asunto con outro profesional da avogacía.
- b) Cando se pacte por escrito o exercicio da avogacía en réxime de colaboración profesional.
- c) Cando o exercicio da actividade se desenvolva publicamente baixo unha denominación común.
- d) O exercicio colectivo da avogacía non se presume nunca.

10 – Logo de notificada unha sentenza, o profesional da avogacía que a examina e que interveu como asistencia letrada ao seu cliente no proceso civil en que foi ditada, advirte, no día seguinte á súa publicación, que na resolución desta existe un termo de incerta comprensión. Pode solicitar que a sentenza sexa aclarada?

- a) Non, pois a aclaración só pode facerse de oficio, o contrario supoñería variar a resolución a instancia de parte.
- b) Si, pode solicitar aclaración do concepto escuro advertido.
- c) Non, pois a aclaración unicamente pode solicitarse no mesmo día en que a sentenza se notifique, nunca despois.
- d) Si, pero unicamente pode facer valer o defecto por vía de recurso.

11 – Indique a resposta correcta en relación coa taxación de custas.

- a) Nas taxacións de custas, os honorarios de avogado e dereitos de procurador non incluírán o imposto sobre o valor engadido.
- b) Serán incluídos na taxación de custas os dereitos dos procuradores devindicados pola realización dos actos procesuais de comunicación, cooperación e auxilio á Administración de Xustiza.
- c) Practicada a taxación de custas polo letrado da Administración de Xustiza darase traslado dela ás partes por prazo común de dez días.
- d) A parte favorecida pola condena en custas non poderá impugnar a taxación.

12 – O coñecemento de cal das seguintes materias corresponde aos tribunais e xulgados da orde civil?

a) Das pretensións que se deduzan en relación coa responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, cando á produción do dano concorren suxeitos privados.

b) De calquera materia non atribuída a outra orde xurisdiccional.

c) Das reclamacións en materia de Seguridade Social.

d) Dos conflitos individuais que se promovan dentro da rama social do dereito.

13 – Que consecuencia se deriva da formulación dun conflito de competencia por un xulgado do social a un xulgado do penal, por considerar o primeiro que é competente para o coñecemento da causa criminal da que está a coñecer o segundo?

a) Ao tratarse dun conflito de competencia entre xulgados de distinta orde xurisdiccional, este será resolto por unha Sala especial do Tribunal Supremo.

b) Non é posible que se formule tal conflito. Ningún xuíz ou tribunal poderá formular conflito de competencia aos órganos do orde xurisdiccional penal.

c) Será resolto pola Sala de Conflitos da Xurisdición, ao tratarse dun conflito de competencia entre xulgados de distinta orde xurisdiccional.

d) Será resolto pola Audiencia Provincial como órgano inmediato superior común aos xulgados entre os que se suscita o conflito de competencia.

14 – O Tribunal Europeo de Dereitos Humanos declarou que unha resolución xudicial firme ditada por un tribunal español foi ditada en violación do dereito á liberdade, recoñecido no Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais. A violación declarada é tan grave que entraña efectos que persisten e non poden cesar. Que actuación cabe levar a cabo fronte a tal resolución xudicial firme?

a) Cabe interpoñer recurso de revisión ante o Tribunal Supremo, conforme as normas procesuais da orde xurisdiccional en que se ditou a resolución.

b) Non cabe actuación ningunha ao se tratar dunha resolución xudicial firme, e ser o pronunciamento do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos meramente declarativo.

c) Cabe interpoñer recurso de casación ante o Tribunal Supremo, conforme as normas procesuais da orde xurisdiccional en que se ditou a resolución.

d) Cabe interpoñer recurso de revisión fronte a tal resolución xudicial firme ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

15 – Dous profesionais da avogacía coñecen, a través dos medios, que se produciu en España un desgraciado accidente de tráfico ferroviario, con máis dun centenar de vítimas. Á vista dos feitos dos que os profesionais da avogacía tiveron coñecemento, consideran que as circunstancias que ocasionaron o accidente puideron ser constitutivas de delito, polo que, transcorridos quince días desde que se produciu o accidente, se trasladan á localidade na que reside a maior parte dos familiares das vítimas, ofrecéndolles a estas os seus servizos profesionais. É correcta a actuación dos profesionais da avogacía?

a) Si, pois os profesionais da avogacía están facultados para ofrecer os seus servizos profesionais a potenciais clientes máxime cando, como neste caso, realizaron un estudo previo da prosperabilidade das accións a exercitar.

b) Non, pois os profesionais da avogacía non poden, baixo ningunha circunstancia, ofrecer os seus servizos a potenciais clientes, e deben agardar a que estes o soliciten con pleno respecto á súa liberdade de elección.

c) Si, pois transcorreu un tempo prudencial de quince días desde que se produciron os feitos.

d) Non, pois os profesionais da avogacía non poderán dirixirse ás vítimas de sucesos que producen un número elevado de vítimas e que poidan constituír delito, para ofrecerlles os seus servizos profesionais, ata transcorridos corenta e cinco días do feito.

16 – Detida unha persoa que non designou avogado, préstaselle a esta, durante a súa detención, asistencia de avogado no marco do dereito á asistencia xurídica gratuíta. Posteriormente, comprobados os seus recursos, non se lle recoñece o dereito a tal asistencia xurídica gratuíta. Ten dereito o profesional da avogacía que o asistiu a solicitar ao detido os honorarios devindicados pola súa intervención?

- a) Si, o detido debe aboar ao profesional da avogacía os honorarios devindicados pola súa intervención, ao non serlle recoñecido tal dereito.
- b) Non, o profesional da avogacía debeu asegurarse de que o detido acreditou previamente carecer de recursos.
- c) Si, pero unicamente se o profesional da avogacía realizou unha comprobación previa da existencia de recursos do detido, que resulta errónea por causa imputable a este último.
- d) Non, pois o dereito á asistencia xurídica gratuíta comprende a asistencia de avogado ao detido, sen que este acredite previamente carecer de recursos, e con independencia do recoñecemento posterior do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

17 – Conforme ao principio de tutela xudicial efectiva, en que suposto poderán rexeitar os xulgados e tribunais as pretensións que se lles formulen por motivos formais?

- a) En ningún caso caberá o rexeitamento por motivos formais.
- b) Calquera defecto de forma dará lugar ao rexeitamento por motivos formais.
- c) Unicamente cando o defecto non se emendase polo procedemento establecido nas leis.
- d) Cando o defecto fose incorrrible ou non se emendase polo procedemento establecido nas leis.

18 – Que consecuencia se atribúe á utilización dunha norma de conflito co fin de eludir unha lei imperativa española?

- a) Considerarase como fraude de lei e non impedirá a debida aplicación da norma que se tratou de eludir.
- b) Considerarase como abuso de dereito, non sendo posible aplicar a norma eludida.
- c) Ningunha. Existe plena liberdade para a utilización de normas de conflito, aínda cando o fin do uso fose a elusión de imperativa lei española.
- d) Considérase un defecto formal emendable.

19 – Laura recibe do seu acreedor, Jorge, requirimento notarial fidedigno e xustificado de pago e non o atende. Por esta razón, Jorge formula contra Laura demanda pola que reclama a cantidade debida. Unha vez recibida, Laura manifesta ao profesional da avogacía que a asiste a súa vontade de achantar coa demanda, antes de despachar o trámite de contestación. Que efectos produciría tal achantamento en canto á imposición de custas?

- a) Non procederá a imposición de custas en ningún caso.
- b) O tribunal poderá impoñer as custas a Laura, razoándoo debidamente, pois atendendo ás circunstancias expostas, enténdese a existencia de mala fe pola súa parte.
- c) Non procede a imposición de custas salvo que o tribunal aprecie mala fe. Das circunstancias expostas non resulta a existencia de mala fe.
- d) Atendendo ás circunstancias expostas, as custas impoñeranse necesariamente por metade.

20 – Logo de formulada demanda nun proceso civil, o demandante decide desistir deste. O demandado consente a desistencia, que poñerá fin ao proceso. A quen se lle impoñerán as custas?

- a) A ningún dos litigantes.
- b) Ao actor.
- c) Ao demandado.
- d) Á parte respecto da que o tribunal aprecie a existencia de mala fe.

21 – Incoado un expediente disciplinario contra un profesional da avogacía como consecuencia de denuncia formulada por un usuario dos servizos de asistencia xurídica gratuíta, poderá acordarse a separación cautelar do servizo do profesional da avogacía presuntamente responsable?

- a) Non, non é posible suspender preventivamente a quen non foi sancionado.
- b) Si, en todo caso. A incoación do expediente disciplinario levará aparellada automaticamente a suspensión cautelar ata que finalice o procedemento sancionador.
- c) Si, cando a gravidade do feito denunciado o aconselle e por tempo indefinido.
- d) Si, cando a gravidade do feito denunciado o aconselle por un período máximo de seis meses ata que o expediente disciplinario se resolva.

22 – Gonzalo, profesional da avogacía, integra, xunto con outros compañeiros, unha sociedade profesional que ten por obxecto o exercicio común da avogacía, na que ten o cargo de administrador. Cometida unha infracción por Gonzalo, por conta e en proveito da sociedade profesional, pode a sociedade profesional ser sancionada?

- a) Si, pois as circunstancias expostas levan a presumir a existencia de responsabilidade concorrente da sociedade profesional na comisión da infracción.
- b) Si, as sociedades profesionais serán sancionadas sempre e en todo caso polas infraccións cometidas polos profesionais da avogacía que a integren.
- c) Non, as sociedades profesionais non poden ser sancionadas en ningún caso.
- d) Non, as sociedades profesionais unicamente poden ser sancionadas pola realización de condutas directamente pola sociedade, pero non polos profesionais que a integran.

23 – Que consecuencias ten a ausencia de seguro en vigor ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade na que unha sociedade profesional poida incorrer no exercicio das súas actividades, cando a obrigaón de contar co devandito réxime de garantía estea prevista na lei?

- a) Considérase como infracción leve da sociedade profesional.
- b) Considérase como infracción grave da sociedade profesional.
- c) Considérase como infracción moi grave da sociedade profesional.
- d) Non é constitutivo de infracción.

24 – Blanca pretende a súa colexiación como profesional da avogacía exercente no Ilustre Colexio de Avogados de Xaén. A xunta de goberno do colexio denega a súa solicitude de incorporación como exercente mediante resolución motivada por apreciar que Blanca se atopa incurso en causa de incompatibilidade para o exercicio da avogacía. Pode Blanca incorporarse a un colexio de avogados distinto?

- a) Non. A denegación de incorporación como exercente impide a súa incorporación a outro colexio ao tratarse dunha causa incorrrible a que motivou a denegación, debendo ser a resolución denegatoria comunicada polo Ilustre Colexio de Avogados de Xaén ao Consello Xeral da Avogacía, para o seu traslado a todos os colexios da avogacía.
- b) Si. A denegación non vincula a decisión dun colexio distinto.
- c) Si. Blanca atópase incurso en causa de incompatibilidade que deberá ser apreciada polo colexio ao que dirixa a solicitude, aínda que este colexio decidirá libremente sen considerar a denegación previa.
- d) Si. O único efecto da denegación é a imposibilidade de colexiarse no Ilustre Colexio de Avogados de Xaén, podendo solicitar a colexiación noutro colexio distinto que requira requisitos diferentes para a colexiación.

25 – A que provincias estende a súa xurisdición a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía con sede en Sevilla?

- a) A todas as provincias da Comunidade Autónoma de Andalucía.
- b) Ás provincias de Cádiz, Huelva, Córdoba e Sevilla.
- c) Ás provincias de Almería, Sevilla, Granada e Xaén.
- d) Ás provincias de Sevilla e Málaga.

26 – Pode ser gravada unha conversa mantida entre un profesional da avogacía e o seu cliente?

- a) Si, sempre que concorra advertencia previa e conformidade de todos os intervinientes, quedando en todo caso amparada polo segredo profesional.
- b) Si, pois se o que realiza a gravación é o profesional da avogacía e a gravación se realiza no estrito exercicio da súa función profesional non é necesaria a advertencia e conformidade do cliente, sempre que non concorra a súa negativa expresa.
- c) Non, pois aínda cando os intervinientes o consintan, unha conversación entre o profesional da avogacía e o seu cliente non pode ser gravada.
- d) Si, pero unicamente se a decisión da gravación emana do cliente, en tal caso non é precisa a conformidade do profesional da avogacía.

27 – Sinale, en relación co exercicio colectivo da avogacía en forma non societaria, cal das respostas é correcta:

- a) O despacho colectivo deberá ter como obxecto necesario, pero non exclusivo, o exercicio profesional da avogacía e estar integrado por un máximo de 10 profesionais da avogacía.
- b) O despacho colectivo deberá ter como obxecto exclusivo o exercicio profesional da avogacía e estar integrado só por profesionais da avogacía, sen limitación de número.
- c) O despacho colectivo deberá ter como obxecto necesario, pero non exclusivo, o exercicio profesional da avogacía e estar integrado polo menos por 2 profesionais da avogacía, sen limitación de número.
- d) O despacho colectivo deberá ter como obxecto exclusivo o exercicio profesional da avogacía e estar integrado por profesionais da avogacía e por outros profesionais liberais non incompatibles.

28 – Cristina, profesional da avogacía, ten coñecemento do feito da existencia dun conflito de intereses entre dous dos seus clientes, Antonio e Elena. Elena chama por teléfono a Cristina e comunícalle que a autoriza, a pesar da existencia do conflito, para que interveña en defensa de Antonio. Que debe facer Cristina?

- a) Debe deixar de actuar para ambos os clientes.
- b) Pode continuar actuando en defensa de Antonio, ao ser autorizado expresamente para iso por Elena.
- c) Pode continuar actuando en defensa de ambos, sempre que poida salvagardar a imparcialidade.
- d) Pode continuar actuando en defensa de Elena, por ser esta a que tivo unha actitude conciliadora respecto ao conflito.

29 – A que provincias estende a súa xurisdición a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León con sede en Valladolid?

- a) Unicamente á provincia de Valladolid.
- b) Ás provincias de León, Palencia, Salamanca, Valladolid e Zamora.
- c) A todas as provincias de Castela e León.
- d) Ás provincias de Valladolid, Ávila, Burgos, Segovia e Soria.

30 – James, nacional de Alemaña e residente en Francia, pretende, por vía de recurso, a anulación dun acto ditado pola Administración autonómica española. Que xurisdición será competente?

- a) A xurisdición española.
- b) A xurisdición alemá.
- c) A xurisdición francesa.
- d) A xurisdición española, alemá ou francesa, a elección de James.

31 – As comunidades autónomas poden instar a revisión da planta dos xulgados e tribunais?

- a) Non, a revisión da planta dos xulgados e tribunais unicamente pode ser instada polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) Si, as comunidades autónomas con competencia en materia de xustiza poden instar a revisión da planta dos xulgados e tribunais para adaptala ás necesidades do seu ámbito territorial.

- c) Si, calquera comunidade autónoma pode instar a revisión da planta dos xulgados e tribunais para adaptala ás necesidades do seu ámbito territorial, pois en España todas as comunidades autónomas teñen competencias en materia de xustiza.
- d) Non, unicamente o Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes pode instar a revisión da planta dos xulgados e tribunais.

32 – A quen corresponde a resolución do conflito de xurisdición que se suscite entre un xulgado e a Administración?

- a) Non é posible formular conflito de xurisdición entre xulgados ou tribunais e a Administración. Os conflitos de xurisdición unicamente poden ser suscitados entre xulgados e tribunais de distinta orde xurisdiccional.
- b) Ao Consello Xeral do Poder Xudicial.
- c) A unha Sala especial do Tribunal Supremo, presidida polo presidente e composta por dous maxistrados.
- d) A un órgano colexiado constituído polo presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por 5 vogais.

33 – Atendendo ao Estatuto xeral da avogacía española, cal é o contido da profesión da avogacía?

- a) O seu contido consiste na actividade de asesoramento, consello e defensa de dereitos e intereses públicos e privados, mediante a aplicación da ciencia e a técnica xurídicas, en orde á concordia e á efectividade dos dereitos e liberdades fundamentais.
- b) O seu contido consiste no exercicio da potestade xurisdiccional en todo tipo de procesos.
- c) O seu contido consiste na promoción da acción da xustiza en defensa da legalidade, dos dereitos dos cidadáns e do interese público tutelado pola lei, de oficio ou a pedimento dos interesados, así como velar pola independencia dos tribunais e procurar ante estes a satisfacción do interese social.
- d) O seu contido consiste no desenvolvemento da función de representación en xuízo do cliente.

34 – Conforme ao Estatuto xeral da avogacía española, a quen corresponde a denominación de avogada e de avogado?

- a) Exclusivamente a quen se atope incorporado a un colexio da avogacía como exercentes.
- b) A quen se atope incorporado a un colexio da avogacía, xa sexa como exercentes ou como non exercentes.
- c) A quen obteña o título profesional para o exercicio da avogacía, con independencia da súa colexiación.
- d) A toda persoa que obtivese o grao en Dereito.

35 – Eduardo, profesional da avogacía, foi sancionado disciplinariamente coa expulsión do colexio da avogacía. Que requisitos deben concorrer para que Eduardo poida solicitar a súa rehabilitación como profesional da avogacía?

- a) Non é posible a rehabilitación do profesional da avogacía sancionado disciplinariamente coa expulsión.
- b) Deben transcorrer cinco anos desde que a sanción de expulsión fose executada, debendo acreditar Eduardo a superación das actividades formativas que en materia de deontoloxía profesional estableza cada colexio así como non incorrer en causa de indignidade ou desprezo dos valores e obrigacións profesionais e deontolóxicas.
- c) Deben transcorrer dez anos desde que a sanción de expulsión fose executada, debendo acreditar Eduardo a superación do test psicotécnico de rehabilitación convocado polo Consello Xeral da Avogacía así como non incorrer en causa de indignidade ou desprezo dos valores e obrigacións profesionais e deontolóxicas.
- d) A rehabilitación producirase automaticamente transcorridos cinco anos desde a execución da sanción de expulsión.

36 – Matilda, profesional da avogacía, asesorou ao longo da súa carreira profesional importantes clientes. Decide, ao publicitar os seus servizos, incluír referencia a estes, pola relevancia dos servizos a eles prestados. Consulta sobre esta cuestión os seus clientes, os cales a autorizan expresamente a incluír tal referencia. Pode Matilda incluír referencia a estes clientes ao publicitar os seus servizos?

- a) Si, sen que para iso fose necesario a existencia de autorización expresa, e abonda con que non o prohibisen expresamente.
- b) Si, pode facelo, ao ser autorizada polos clientes aos que se refire a publicidade.

- c) Non, aínda cando o autorizasen, a publicidade non pode incluír referencia aos clientes do propio profesional da avogacía.
- d) Non, non é posible publicitar os servizos dun profesional da avogacía, debendo ser solicitados expresamente polo cliente.

37 – A que órgano corresponde tramitar as solicitudes de asistencia xurídica gratuíta para litigar noutro Estado membro da Unión Europea?

- a) Ao colexio da avogacía do lugar de domicilio ou residencia habitual do solicitante.
- b) Ao Consello Xeral da Avogacía.
- c) Ao Departamento de Asuntos Exteriores do Consello Xeral da Avogacía.
- d) Ao Consello Autonómico se o houber e, no seu defecto, ao Consello Xeral da Avogacía.

38 – Indique a resposta correcta en relación coa aceptación e renuncia de encargos profesionais polo profesional da avogacía.

- a) O profesional da avogacía poderá, con plena liberdade, decidir sobre a súa permanencia ou cesamento na súa intervención profesional cando concorran circunstancias que afecten a súa independencia.
- b) O profesional da avogacía ten a obriga de cesar na súa intervención profesional cando xurda calquera discrepancia co seu cliente.
- c) O profesional da avogacía que renuncie á defensa procesual terá a obriga de comunicar a renuncia ao órgano xudicial ante o que comparecese e será o órgano xudicial quen comunique a renuncia por escrito ao cliente.
- d) O profesional da avogacía terá plena liberdade para aceptar ou rexeitar a dirección de calquera asunto que lle sexa encomendado.

39 – Oliva, profesional da avogacía, solicita do seu cliente a documentación que resulta relevante para o exercicio da función de asesoramento xurídico que se lle encomendou. Posteriormente, o cliente solicita que se lle devolva. Pode Oliva reter a documentación?

- a) Non, sen prexuízo de que poida conservar copia.
- b) Non, e en ningún caso poderá conservar copia.
- c) Si, pois o profesional da avogacía ten dereito a solicitar do cliente, mantendo a confidencialidade necesaria, canta documentación resulte relevante para o correcto exercicio da súa función, podendo reter tal documentación.
- d) Si, sempre que o cliente non solicitase expresamente e por escrito ao dar a documentación que esta non se retivese.

40 – Cal das seguintes infraccións cometidas por un profesional da avogacía poderá supoñer a imposición a este de sanción de suspensión do exercicio profesional por tempo superior a un ano sen exceder de dous?

- a) A retención de cantidades correspondentes ao cliente e recibidas por calquera concepto.
- b) O incumprimento inxustificado do encargo contido na designación realizada polo colexio da avogacía en materia de asistencia xurídica gratuíta.
- c) A relación ou comunicación coa parte contraria cando lle conste que está representada ou asistida por outro profesional da avogacía, salvo a súa autorización expresa.
- d) Comprometer nas súas comunicacións e manifestacións co profesional da avogacía da parte contraria ao propio cliente con comentarios ou manifestacións que poidan causarlle desprestixio.

41 – Íñigo, profesional da avogacía, recibiu, na dirección de correo electrónico que facilitou para o efecto, unha reclamación relativa ao servizo que prestou, presentada por un cliente. Ten Íñigo obriga de dar resposta á reclamación?

- a) Non, Íñigo pode dar resposta á reclamación, pero non ten tal obriga.
- b) Non, Íñigo non debe responder a reclamación, senón trasladar a reclamación ao colexio de avogados en que está colexiado.

c) Si, Íñigo debe dar resposta á reclamación no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes dun mes desde que recibiu a reclamación.

d) Si, Íñigo debe dar resposta á reclamación, pero esta obriga de resposta non se atopa suxeita a prazo.

42 – Juan, profesional da avogacía, participa nun procedemento de contratación suxeito á lexislación de contratos do sector público. Pode Juan, para dar cumprimento ao prego que así o prevé, incluír no seu historial profesional referencia a un cliente ao que prestou servizos tendo en conta que este cliente prohibiu expresamente a inclusión de tales referencias?

a) Si, pode incluír no seu historial tales referencias. Aínda cando o cliente o prohibise expresamente, atopámonos ante un procedemento suxeito a lexislación específica, no que polas súas propias normas se respecta o deber de confidencialidade e a protección de datos persoais.

b) Non pode incluír no seu historial tales referencias nin podería telo feito aínda cando o cliente non o prohibise, sempre que non o autorizase expresamente.

c) Si, pode incluír no seu historial tales referencias sempre que actúe salvagardando o deber de confidencialidade e a normativa sobre protección de datos persoais, sen infrinxir o dereito á intimidade das persoas físicas.

d) Non pode incluír no seu historial tales referencias por prohibilo expresamente o cliente.

43 – Que pode facer o profesional da avogacía que considere que un xuíz non gardou a consideración debida á súa función?

a) Poderá facelo constar así ante o propio xulgado e dar conta á Xunta de Goberno.

b) Non poderá tomar medida ningunha, pola súa obriga de gardar o debido respecto.

c) Poderá dar conta de tal actuación ao Consello Xeral da Avogacía.

d) Poderá facelo constar así ante o propio xulgado e dar conta ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

44 – A que órgano corresponde resolver a cuestión de competencia suscitada entre dous xulgados do contencioso-administrativo con sede en Madrid?

a) Á Sala do Contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

b) Á Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional.

c) Á Sala de Conflitos do Tribunal Supremo.

d) A un órgano colexiado do Tribunal Supremo constituído polo seu presidente e 5 vogais.

45 – Indique a resposta correcta en relación coa mediación como medio de solución de controversias.

a) O acordo alcanzado tras un procedemento de mediación desenvolto despois de iniciar un proceso xudicial pode ser homologado polo tribunal.

b) Contra o convido no acordo de mediación non poderá, en ningún caso, exercitarse a acción de nulidade.

c) O procedemento de mediación unicamente pode concluír en acordo.

d) A mediación será levada sempre a cabo por varios mediadores.

46 – Sobre cal das seguintes materias é posible transixir?

a) Sobre a acción civil proveniente dun delito.

b) Sobre o estado civil das persoas.

c) Sobre cuestións matrimoniais.

d) Sobre alimentos futuros.

47 – Un cliente solicita á sociedade profesional que lle prestou os seus servizos a entrega de factura na que se expresen detalladamente os conceptos dos honorarios e a relación dos gastos. Está obrigada a sociedade profesional a entregar factura ao cliente na que se expresen detalladamente estes conceptos?

a) Si. A obriga da sociedade profesional nace da solicitude do cliente, non estando obrigado se este non o solicitase.

- b) Si. A sociedade profesional está obrigada, á marxe da solicitude do cliente, a entregar factura a este, e a factura debe expresar detalladamente os diferentes conceptos dos honorarios e a relación de gastos.
- c) Non. Están obrigados a entregar factura os profesionais da avogacía, pero non as sociedades profesionais constituídas para o común exercicio da avogacía.
- d) Non. A sociedade profesional está obrigada a entregar factura ao cliente, pero este non pode esixir que na factura se expresen detalladamente os conceptos dos honorarios e a relación dos gastos.

48 – A persoa beneficiaria da asistencia xurídica gratuíta ten dereito a instar a designación de novos profesionais?

- a) Si, mediante solicitude debidamente xustificada, que non suspenderá a designación dos profesionais que xa veña acordada.
- b) Si, sen necesidade de xustificar a solicitude de nova designación.
- c) Si, mediante solicitude debidamente xustificada, que suspenderá automaticamente a designación dos profesionais que xa veña acordada.
- d) Non, a persoa beneficiaria da asistencia xurídica gratuíta non ten dereito a instar a designación de novos profesionais.

49 – Que recurso cabe interpoñer fronte ao auto que denega a aclaración dunha resolución xudicial?

- a) Recurso de apelación.
- b) Recurso de casación.
- c) Recurso de reposición.
- d) Non cabe recurso ningún.

50 – Recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta é posible que actúen simultaneamente un avogado de oficio e un procurador libremente elixido?

- a) Unicamente cando o profesional de libre elección renunciase por escrito a percibir os seus honorarios ou dereitos ante o titular do dereito á asistencia xurídica gratuíta e ante o colexio no que se atope rexistrado.
- b) Non, en ningún caso.
- c) Non é posible, pero si sería admisible á inversa, actuando simultaneamente avogado libremente designado e procurador de oficio, sen necesidade de que o primeiro renuncie a percibir os seus honorarios.
- d) Si, en todo caso, poden actuar simultaneamente un avogado de oficio e un procurador libremente designado.

Preguntas de reserva

1 – Recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, pode o titular de tal dereito renunciar despois da designación ao avogado de oficio, nomeando libremente a un profesional da súa confianza?

- a) Si, comunicando a renuncia á Comisión de Asistencia Xurídica gratuíta e ao colexio.
- b) Non, unicamente pode renunciar antes da designación.
- c) Non, non pode renunciar nin antes nin despois da designación do avogado de oficio.
- d) Si, sen necesidade de efectuar comunicación ningunha, aínda que tal renuncia implicará a perda das demais prestacións recoñecidas na concesión do dereito á asistencia xurídica gratuíta.

2 – Pode un profesional da avogacía dar a coñecer a un terceiro o informe que emitiu a solicitude do cliente relativo ao resultado probable dun preito no que intervén?

- a) Non, salvo que o cliente de maneira expresa o autorice.
- b) Non, aínda cando o cliente de maneira expresa o autorice.
- c) Si, sempre que o cliente non o prohibise expresamente ao formular a solicitude de emisión de informe.
- d) Si, ao tratarse dun documento emitido polo profesional da avogacía no exercicio das súas funcións.

3 – Conforme o principio de respecto ás regras da boa fe, producirá efecto a proba obtida violentando indirectamente unha liberdade fundamental?

a) Non producirá efecto.

b) Si producirá efecto ao non tratarse dunha proba obtida violentando directamente unha liberdade fundamental.

c) Si producirá efecto ao non tratarse dunha proba obtida violentando un dereito fundamental.

d) Poderá, ou non, producir efecto, atendendo ás circunstancias concretas nas que se obtivo a proba.

4 – En que lugar se atopa a sede da Audiencia Nacional?

a) Na vila de Madrid.

b) En Barcelona.

c) En Sevilla.

d) Existe unha sede da Audiencia Nacional en cada comunidade autónoma.

5 – Nun procedemento no que, conforme á lei, é preceptiva a intervención de avogado, realizouse un acto procesual sen tal intervención. Que consecuencia producirá este defecto?

a) O acto procesual será nulo de pleno dereito.

b) Se se realizou con conformidade das partes, o acto procesual será válido e non poderá ser declarado nulo.

c) O acto procesual será validado mediante a sinatura posterior de avogado.

d) A intervención de avogado nunca é preceptiva polo que ningún defecto concorre no acto procesual.

6 – Pode Carlota, profesional da avogacía, revelar a un terceiro un dato dun cliente ao que prestou servizos hai máis de cinco anos e respecto do cal cesou na prestación de servizos, cando tal dato fose coñecido por Carlota no exercicio da súa profesión?

a) Si, ao cesar na prestación de servizos ao cliente.

b) Si, ao transcorrer máis de cinco anos.

c) Non, deberá esperar a que transcorran dez anos para poder revelar tal dato.

d) Non, por atoparse tal dato comprendido dentro do deber de segredo profesional.

A. MATERIAS ESPECÍFICAS

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN CIVIL- MERCANTIL

1 – Leonardo e Cecilia acoden ao despacho profesional de José María, avogado, porque queren subscribir un contrato en virtude do cal Leonardo se obrigue a prestar algún servizo ou facer algunha cousa, por conta ou encargo de Cecilia. Que tipo de contrato lles dirá José María que deben celebrar?

- a) Un contrato de mandato.
- b) Un contrato de censo enfitéutico.
- c) Un contrato de depósito.
- d) Un contrato de comodato.

2 – Indira, avogada de Jerónimo, solicitou medidas cautelares coetáneas coa demanda. Durante a tramitación da vista de medidas, solicita a testifical de Marcos Aurelio, proba que é rexeitada pola maxistrada. Que recurso poderá interpoñer Indira contra a denegación da proba testifical?

- a) Contra as resolucións do tribunal sobre a proba proposta caberá recurso de reposición, que se tramitará con carácter preferente.
- b) Contra as resolucións do tribunal sobre a proba proposta caberá recurso directo de revisión, que se tramitará con carácter preferente.
- c) Contra as resolucións do tribunal sobre a proba proposta caberá recurso de apelación, que se tramitará con carácter preferente.
- d) Contra as resolucións do tribunal sobre a proba proposta non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que, tras a oportuna protesta, se é o caso, poidan alegarse as infraccións que se produciron na comparecencia no recurso contra o auto que resolva sobre as medidas cautelares.

3 – O Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Palma de Mallorca ditou un auto de execución contra Sofía por importe de 35.000 euros. Ditado decreto pola letrada da Administración de Xustiza, Sofía quere recorrela. Que recurso podería interpoñer?

- a) Contra o decreto ditado pola letrada da Administración de Xustiza non caberá interpoñer recurso ningún.
- b) Contra o decreto ditado pola letrada da Administración de Xustiza caberá interpoñer recurso de reposición, con efecto suspensivo, ante o tribunal que ditase a orde xeral de execución.
- c) Contra o decreto ditado pola letrada da Administración de Xustiza caberá interpoñer recurso directo de revisión, sen efecto suspensivo, ante o tribunal que ditase a orde xeral de execución.
- d) Contra o decreto ditado pola letrada da Administración de Xustiza caberá interpoñer recurso de apelación, con efecto suspensivo, ante o tribunal que ditase a orde xeral de execución.

4 – Laia, avogada, está a levar o proceso concursal especial dunha microempresa. Durante o procedemento especial de continuación, Laia presentou unha solicitude de suspensión de execucións. Cal podería ser o prazo máximo desta suspensión?

- a) A suspensión da execución manterase ata o momento en que se comprobe obxectivamente que non se aprobará un plan de continuación, e, en todo caso, por un máximo de dous meses desde o decreto en que se teña por efectuada a solicitude.
- b) A suspensión da execución manterase ata o momento en que se comprobe obxectivamente que non se aprobará un plan de continuación, e, en todo caso, por un máximo de tres meses desde o decreto en que se teña por efectuada a solicitude.
- c) A suspensión da execución manterase ata o momento en que se comprobe obxectivamente que non se aprobará un plan de continuación, e, en todo caso, por un máximo de seis meses desde o decreto en que se teña por efectuada a solicitude.
- d) A suspensión da execución manterase ata o momento en que se comprobe obxectivamente que non se aprobará un plan de continuación, e, en todo caso, por un máximo dun ano desde o decreto en que se teña por efectuada a solicitude.

5 – O Consello da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia abriu un procedemento contra Andrés sobre a adopción de medidas no ámbito dos expedientes de vixilancia de obrigacións, resolucións ou acordos en materia de defensa da competencia. Cal é o prazo máximo para que o Consello da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia dite e notifique a resolución sobre a adopción destas medidas?

- a) O prazo será de vinte días desde a correspondente proposta da Dirección de Competencia.
- b) O prazo será dun mes desde a correspondente proposta da Dirección de Competencia.
- c) O prazo será de tres meses desde a correspondente proposta da Dirección de Competencia.
- d) O prazo será de seis meses desde a correspondente proposta da Dirección de Competencia.

6 – Segismunda quere patentar unha invención, polo que acode a Wenceslao, avogado, para que a asesore sobre a duración da patente. Que duración tería a patente de Segismunda se se concedese?

- a) A patente ten unha duración de vinte anos, prorrogables por outro prazo de vinte anos, contados a partir da data de presentación da solicitude e produce os seus efectos desde o día en que se publica a mención de que foi concedida.
- b) A patente ten unha duración de vinte anos improrrogables, contados a partir da data de presentación da solicitude e produce os seus efectos desde o día en que se publica a mención de que foi concedida.
- c) A patente ten unha duración de trinta anos, prorrogables por outro prazo de vinte anos, contados a partir da data de presentación da solicitude e produce os seus efectos desde o día en que se publica a mención de que foi concedida.
- d) A patente ten unha duración de trinta anos improrrogables, contados a partir da data de presentación da solicitude e produce os seus efectos desde o día en que se publica a mención de que foi concedida.

7 – Mateo adquiriu todas as accións dunha sociedade de capital, pasando a dita sociedade a ter carácter unipersoal de forma sobrevida. Transcorridos seis meses desde a adquisición pola sociedade do carácter unipersoal, esta circunstancia non se inscribiu no Rexistro Mercantil. A falta de inscrición da unipersonalidade, ten algún efecto para Mateo?

- a) Mateo non responderá persoalmente, nin solidaria ou mancomunadamente, nin de forma ilimitada das débedas sociais contraídas durante o período de unipersonalidade.
- b) Mateo responderá persoal, ilimitada e solidariamente das débedas sociais contraídas durante o período de unipersonalidade.
- c) Mateo responderá persoal e solidariamente, pero de forma limitada, durante un período de dous anos, das débedas sociais contraídas durante o período de unipersonalidade.
- d) Mateo responderá persoalmente, pero de forma limitada e mancomunada, durante un período de cinco anos, das débedas sociais contraídas durante o período de unipersonalidade.

8 – O Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Zamora está a coñecer un procedemento de exequátur promovido por Kevin para recoñecer unha sentenza ditada en Colombia. Non formulándose oposición ao recoñecemento, en que prazo será resolto polo órgano xudicial?

- a) O órgano xurisdiccional resolverá por medio de auto o que proceda no prazo de dez días.
- b) O órgano xurisdiccional resolverá por medio de decreto o que proceda no prazo de dez días.
- c) O órgano xurisdiccional resolverá por medio de auto o que proceda no prazo de vinte días.
- d) O órgano xurisdiccional resolverá por medio de decreto o que proceda no prazo de vinte días.

9 – Pepe, avogado de Isabel, tivo coñecemento de que Almudena interpuxo demanda de execución provisional da sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Puertollano, aínda que a dita execución provisional non foi despachada nin se lle notificou. De que prazo dispón Pepe para presentar a oposición á execución provisional?

- a) Do prazo de cinco días hábiles desde a interposición da demanda.
- b) Do prazo de dez días hábiles desde a interposición da demanda.
- c) Do prazo de dez días naturais desde a interposición da demanda.
- d) O executado só poderá opoñerse á execución provisional unha vez que esta fose despachada.

10 – Yanik interpuxo un procedemento monitorio europeo contra Alfonso en reclamación de 25.000 euros. De que prazo dispoñerá Alfonso para opoñerse á petición de proceso monitorio europeo formulada por Yanik unha vez fose requirido de pago?

- a) O demandado poderá presentar no prazo de vinte días naturais desde a notificación do requirimento escrito de oposición, valéndose do formulario F do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1896/2006.
- b) O demandado poderá presentar no prazo de vinte días hábiles desde a notificación do requirimento escrito de oposición, valéndose do formulario F do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1896/2006.
- c) O demandado poderá presentar no prazo de trinta días naturais desde a notificación do requirimento escrito de oposición, valéndose do formulario F do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1896/2006.
- d) O demandado poderá presentar no prazo de trinta días hábiles desde a notificación do requirimento escrito de oposición, valéndose do formulario F do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1896/2006.

11 – O Xulgado de Familia nº 2 de Donosti está a coñecer un procedemento de subtracción internacional de menores. Comparecendo as partes no proceso, celebrada a vista e practicadas as probas pertinentes, en que prazo se ditará sentenza?

- a) Dentro dos tres días seguintes á finalización da vista.
- b) Dentro dos cinco días seguintes á finalización da vista.
- c) Dentro dos dez días seguintes á finalización da vista.
- d) Dentro dos vinte días seguintes á finalización da vista.

12 – O Xulgado de Primeira Instancia nº 5 de Xirona está a coñecer dunha demanda na que se están exercitando accións individuais relativas a condicións xerais de contratación. A maxistrada, considerando que está en presenza de pretensións que están a ser obxecto de procedementos anteriores expostos por outros litigantes, e que as condicións xerais de contratación cuestionadas teñen identidade substancial, acordou ditar auto polo que se suspende o curso das actuacións ata que se dite sentenza firme no procedemento identificado como testemuña. Que recurso cabe interpoñer contra este auto que acorda a suspensión?

- a) Contra o auto que acorda a suspensión caberá recurso de reposición que se tramitará de modo preferente e urxente.
- b) Contra o auto que acorda a suspensión caberá recurso de apelación que se tramitará de modo preferente e urxente.
- c) Contra o auto que acorda a suspensión caberá recurso de casación que se tramitará de modo preferente e urxente.
- d) Contra o auto que acorda a suspensión non caberá interpoñer recurso ningún.

13 – Yolanda interpuxo un procedemento cambiario contra Joaquín, quen despois de ser emprazado presentou oposición. De que prazo dispoñerá Yolanda para impugnar o escrito de oposición de Joaquín?

- a) Yolanda poderá impugnar o escrito de oposición no prazo de dez días.
- b) Yolanda poderá impugnar o escrito de oposición no prazo de vinte días.
- c) Yolanda poderá impugnar o escrito de oposición no prazo de trinta días.
- d) Yolanda poderá impugnar o escrito de oposición no prazo dun mes.

14 – Gratal, avogada de Iguázel, está pensando acumular distintas accións contra Chermán. Quen tería a competencia territorial en caso de acumulación destas accións?

- a) Cando se exerciten conxuntamente varias accións fronte a unha ou varias persoas será tribunal competente aquel que deba coñecer do maior número das accións acumuladas; no seu defecto, o do lugar correspondente á acción que sexa fundamento das demais e, en último termo, o do lugar que corresponda á acción máis importante cuantitativamente.
- b) Cando se exerciten conxuntamente varias accións fronte a unha ou varias persoas será tribunal competente o do lugar correspondente á acción que sexa fundamento das demais; no seu defecto, aquel que deba coñecer do maior número das accións acumuladas e, en último termo, o do lugar que corresponda á acción máis importante cuantitativamente.

c) Cando se exerciten conxuntamente varias accións fronte a unha ou varias persoas será tribunal competente o do lugar que corresponda á acción máis importante cuantitativamente; no seu defecto, o do lugar correspondente á acción que sexa fundamento das demais e, en último termo, aquel que deba coñecer do maior número das accións acumuladas.

d) Cando se exerciten conxuntamente varias accións fronte a unha ou varias persoas será tribunal competente o do lugar que corresponda á acción máis importante cuantitativamente; no seu defecto, aquel que deba coñecer do maior número das accións acumuladas e, en último termo, o do lugar correspondente á acción que sexa fundamento das demais.

15 – Unai foi demandado por Idoia nun procedemento civil de reclamación de cantidade. Logo de emprazado correctamente, Unai decidiu non comparecer voluntariamente no procedemento en tempo e forma. Que deberá facer neste caso o xulgado?

a) O letrado da Administración de Xustiza declarará en rebeldía o demandado que non compareza en forma na data ou no prazo sinalado na citación ou emprazamento.

b) O xuíz ou tribunal declarará en rebeldía o demandado que non compareza en forma na data ou no prazo sinalado na citación ou emprazamento.

c) O letrado da Administración de Xustiza declarará a requisitoria do demandado que non compareza en forma na data ou no prazo sinalado na citación ou emprazamento.

d) O xuíz ou tribunal declarará a requisitoria do demandado que non compareza en forma na data ou no prazo sinalado na citación ou emprazamento.

16 – Vicky quere interpoñer un procedemento xudicial, en materia civil, ao considerar que se produciu acoso discriminatorio por razón da súa identidade sexual. Quen estaría lexitimado para a defensa dos dereitos e intereses das persoas vítimas de discriminación por razóns de identidade sexual?

a) A persoa acosada é a única lexitimada nestes litixios.

b) A persoa acosada e o Ministerio Fiscal.

c) A persoa acosada, o Ministerio Fiscal e a Avogacía do Estado.

d) A persoa acosada, o Ministerio Fiscal, a Avogacía do Estado e o Defensor do Pobo.

17 – Aitor considera que se vulneraron os dereitos que como viaxeiro de ferrocarril ten recoñecidos polo Regulamento (UE) 2021/782 do Parlamento Europeo e do Consello. Ante que órgano xudicial poderá interpoñer unha demanda?

a) Ante o xulgado de primeira instancia.

b) Ante o xulgado do mercantil.

c) Ante o xulgado de primeira instancia ou ante o xulgado do mercantil, indistintamente.

d) As reclamacións relativas aos dereitos que os viaxeiros de ferrocarril teñen recoñecidos polo Regulamento (UE) 2021/782 non poden reclamarse xudicialmente.

18 – A encargada do Rexistro Civil de Zaragoza ditou resolución pola que denegaba a celebración do matrimonio entre Teodosia e Thiago. Qué recurso poderá interpoñerse contra a denegación da encargada do Rexistro Civil?

a) Contra esta resolución cabe recurso ante o encargado do Rexistro Civil, cuxa resolución se someterá ao réxime de recursos ante a Secretaría Xeral para a Innovación e Calidade do Servizo Público de Xustiza.

b) Contra esta resolución cabe recurso ante o encargado do Rexistro Civil, cuxa resolución se someterá ao réxime de recursos ante a Dirección Xeral do Servizo Público de Xustiza.

c) Contra esta resolución cabe recurso ante o encargado do Rexistro Civil, cuxa resolución se someterá ao réxime de recursos ante a Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública.

d) Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso ningún.

19 – Apolonia é curadora con facultades representativas de Josep, en cuxo favor o Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Badalona estableceu medidas de apoio á discapacidade. En que prazo estará obrigada Apolonia a facer inventario do patrimonio de Josep?

- a) O curador con facultades representativas estará obrigado a facer inventario do patrimonio da persoa en cuxo favor se estableceu o apoio dentro do prazo de vinte días, contados desde aquel en que tomase posesión do seu cargo.
- b) O curador con facultades representativas estará obrigado a facer inventario do patrimonio da persoa en cuxo favor se estableceu o apoio dentro do prazo de trinta días, contados desde aquel en que tomase posesión do seu cargo.
- c) O curador con facultades representativas estará obrigado a facer inventario do patrimonio da persoa en cuxo favor se estableceu o apoio dentro do prazo de sesenta días, contados desde aquel en que tomase posesión do seu cargo.
- d) O curador con facultades representativas non estará obrigado a facer inventario do patrimonio da persoa en cuxo favor se estableceu o apoio.

20 – Regina quiere expoñer un acto de conciliación sobre unha controversia que ten co seu banco en relación cunha hipoteca rexistrada no Rexistro da Propiedade. Quen será competente para coñecer destes actos de conciliación?

- a) Os responsables do Banco de España, notarios ou xuíces e maxistrados, no ámbito das súas competencias.
- b) Os rexistradores da propiedade, notarios ou xuíces e maxistrados, no ámbito das súas competencias.
- c) Os responsables do Banco de España, notarios ou letrados da Administración de Xustiza, no ámbito das súas competencias.
- d) Os rexistradores da propiedade, notarios ou letrados da Administración de Xustiza, no ámbito das súas competencias.

21 – Irene, posuidora de boa fe dun vehículo que pertence a Kike, incorporou diamantes e ouro á carrocería do coche, por valor de 100.000 euros. Cando Kike lle reclame a devolución do seu vehículo, ten dereito Irene a que se lle aboén os gastos que fixo no vehículo durante a súa posesión de boa fe?

- a) Os gastos de puro luxo ou mero recreo son sempre aboables ao posuidor de boa fe, dando dereito ao reintegro do importe do gastado.
- b) Os gastos de puro luxo ou mero recreo son sempre aboables ao posuidor de boa fe, dando só dereito ao reintegro da metade do importe do gastado.
- c) Os gastos de puro luxo ou mero recreo non son aboables ao posuidor de boa fe, sen que poida levar os adornos con que embelecese a cousa principal.
- d) Os gastos de puro luxo ou mero recreo non son aboables ao posuidor de boa fe, pero poderá levar os adornos con que embelecese a cousa principal se non sufrise deterioración e se o sucesor na posesión non prefire aboar o importe do gastado.

22 – Xosé Antonio fixo a doazón dun inmovible en favor do seu neto ou neta, que foi concibida, pero que aínda non naceu. Quen poderá aceptar a doazón a este nasciturus?

- a) As doazóns feitas aos concibidos e non nados non poderán ser aceptadas ata que a persoa en cuxo favor se verificase acade a maioría de idade.
- b) As doazóns feitas aos concibidos e non nados deberán ser sempre aceptadas polo Ministerio Fiscal.
- c) As doazóns feitas aos concibidos e non nados poderán ser aceptadas polas persoas que lexitimamente os representarían se se verificase xa o seu nacemento.
- d) As doazóns feitas aos concibidos e non nados deberán ser sempre aceptadas pola institución de dereito público que teña a representación de menores e de persoas con discapacidade do lugar onde se verifique o nacemento.

23 – Elena quiere adquirir unha servidume continua e aparente. Como se adquiren este tipo de servidumes?

- a) As servidumes continuas e aparentes non poden adquirirse en virtude de título ou por prescrición.
- b) As servidumes continuas e aparentes adquirense en virtude de título ou por prescrición de vinte anos.
- c) As servidumes continuas e aparentes adquirense en virtude de título ou por prescrición de trinta anos.
- d) As servidumes continuas e aparentes adquirense en virtude de título ou por prescrición de corenta anos.

Preguntas sobre dereitos civís forais

24 – Gerard, de veciñanza civil catalá, vai contraer matrimonio, en Barakaldo, con Dalmazio, de veciñanza civil aragonesa. Ambos teñen pensado vivir, despois de contraeren matrimonio, en Madrid. O mero feito de contraeren matrimonio alterará a veciñanza civil de Gerard?

- a) Si, polo mero feito de contraer matrimonio, Gerard perderá a súa veciñanza civil e adquirirá a veciñanza civil do outro consorte, neste caso, a veciñanza civil aragonesa.
- b) Si, polo mero feito de contraer matrimonio, Gerard perderá a súa veciñanza civil e adquirirá a veciñanza civil do lugar de celebración do matrimonio, neste caso, a veciñanza civil do País Vasco.
- c) Si, polo mero feito de contraer matrimonio, Gerard perderá a súa veciñanza civil e adquirirá a veciñanza civil do lugar de residencia habitual dos esposos, neste caso, a veciñanza civil común.
- d) Non, o matrimonio non altera a veciñanza civil dos cónxuxes.

25 – Escolla a pregunta en función do dereito foral elixido:

A – Dereito civil común:

25 – Esther, de veciñanza civil común, que está a piques de facer os catorce anos, quere outorgar testamento. Ten capacidade para poder outorgar testamento?

- a) Si, porque poden testar todas as persoas, con independencia da súa idade, sempre que poida conformar ou expresar a súa vontade, aínda que sexa con axuda de medios ou apoios para iso.
- b) Non, porque non pode testar a persoa menor de catorce anos ou aquela que no momento de testar non poida conformar ou expresar a súa vontade nin aínda con axuda de medios ou apoios para iso.
- c) Non, porque non pode testar a persoa menor de dezaseis anos ou aquela que no momento de testar non poida conformar ou expresar a súa vontade nin aínda con axuda de medios ou apoios para iso.
- d) Non, porque non pode testar a persoa menor de dezaioito anos ou aquela que no momento de testar non poida conformar ou expresar a súa vontade nin aínda con axuda de medios ou apoios para iso.

B – Dereito civil Aragón:

25 – Pantaria, de veciñanza civil aragonesa, que está a piques de facer os catorce anos, quere outorgar testamento. Ten capacidade para poder outorgar testamento?

- a) Si, porque poden testar todas as persoas, con independencia da súa idade, sempre que non carezan de capacidade natural.
- b) Non, porque só poden testar as persoas físicas que, ao tempo de outorgar o testamento, sexan maiores de catorce anos e non carezan de capacidade natural.
- c) Non, porque só poden testar as persoas físicas que, ao tempo de outorgar o testamento, sexan maiores de dezaseis anos e non carezan de capacidade natural.
- d) Non, porque só poden testar as persoas físicas que, ao tempo de outorgar o testamento, sexan maiores de dezaioito anos e non carezan de capacidade natural.

C – Dereito civil Baleares:

25 – Marc, de veciñanza civil das Illes Balears, que está a piques de facer os catorce anos, quere outorgar testamento. Ten capacidade para poder outorgar testamento?

- a) Si, porque poden testar todas as persoas, con independencia da súa idade, sempre que poida conformar ou expresar a súa vontade, aínda que sexa con axuda de medios ou apoios para iso.
- b) Non, porque non pode testar a persoa menor de catorce anos ou aquela que no momento de testar non poida conformar ou expresar a súa vontade nin aínda con axuda de medios ou apoios para iso.
- c) Non, porque non pode testar a persoa menor de dezaseis anos ou aquela que no momento de testar non poida conformar ou expresar a súa vontade nin aínda con axuda de medios ou apoios para iso.

d) Non, porque non pode testar a persoa menor de dezoito anos ou aquela que no momento de testar non poida conformar ou expresar a súa vontade nin aínda con axuda de medios ou apoios para iso.

D – Dereito civil Cataluña:

25 – Joan, de veciñanza civil catalá, que está a piques de facer os catorce anos, quere outorgar testamento. Ten capacidade para poder outorgar testamento?

a) Si, porque poden testar todas as persoas, con independencia da súa idade, salvo que non teñan capacidade natural no momento do outorgamento.

b) Non, porque son incapaces para testar os menores de catorce anos e quen non ten capacidade natural no momento do outorgamento.

c) Non, porque son incapaces para testar os menores de dezaseis anos e quen non ten capacidade natural no momento do outorgamento.

d) Non, porque son incapaces para testar os menores de dezoito anos e quen non ten capacidade natural no momento do outorgamento.

E – Dereito civil Galicia:

25 - Aloia, de veciñanza civil galega, que está a piques de facer os catorce anos, quere outorgar pactos sucesorios. Ten capacidade para poder outorgar pactos sucesorios?

a) Si, porque poden outorgar pactos sucesorios todas as persoas, con independencia da súa idade, que teñan plena capacidade de obrar.

b) Non, porque só poden outorgar pactos sucesorios as persoas maiores de idade con plena capacidade de obrar.

c) Non, porque só poden outorgar pactos sucesorios as persoas maiores de dezaseis anos con plena capacidade de obrar.

d) Non, porque só poden outorgar pactos sucesorios as persoas maiores de catorce anos con plena capacidade de obrar.

F – Dereito civil País Vasco (Bizkaia):

25 – Gure, de veciñanza civil do País Vasco, que está a piques de facer os catorce anos, quere outorgar testamento. Ten capacidade para poder outorgar testamento?

a) Si, porque poden testar todas as persoas, con independencia da súa idade.

b) Non, porque son incapaces para testar os menores de catorce anos.

c) Non, porque son incapaces para testar os menores de dezaseis anos.

d) Non, porque son incapaces para testar os menores de dezoito anos.

G – Dereito civil Navarra:

25 - Kemena, de veciñanza civil navarra, que está a piques de facer os catorce anos, quere outorgar testamento. Ten capacidade para poder outorgar testamento?

a) Si, porque son capaces para testar todas as persoas, con independencia da súa idade, sempre que non carezan de capacidade natural de entender e querer no momento de outorgar o testamento.

b) Non, porque son incapaces para testar as persoas menores de catorce anos e as persoas que carezan de capacidade natural de entender e querer no momento de outorgar o testamento.

c) Non, porque son incapaces para testar as persoas menores de dezaseis anos e as persoas que carezan de capacidade natural de entender e querer no momento de outorgar o testamento.

d) Non, porque son incapaces para testar as persoas menores de dezoito anos e as persoas que carezan de capacidade natural de entender e querer no momento de outorgar o testamento.

Preguntas de reserva

1 – O Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Albacete ditou auto que acorda medidas de apoio á discapacidade en favor de Ramón. Cales son as medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica das persoas que o precisen que se contemplan no Código civil?

- a) As medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica das persoas que o precisen son, unicamente, as de natureza voluntaria, sen que se poida adoptar ningunha outra medida de apoio.
- b) As medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica das persoas que o precisen son, ademais das de natureza voluntaria, a curatela e o defensor xudicial.
- c) As medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica das persoas que o precisen son, ademais das de natureza voluntaria, a garda de feito, a curatela e o defensor xudicial.
- d) As medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica das persoas que o precisen son, ademais das de natureza voluntaria, a garda de feito, a prorroga da patria potestade, a determinación da filiación, a curatela e o defensor xudicial.

2 – Juana, xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Tineo, decatouse que existe un erro aritmético na sentenza que ditou. De que prazo dispón para rectificar a sentenza?

- a) Os erros aritméticos en que incorran as resolucións dos tribunais poderán ser rectificadas dentro dos dous días hábiles seguintes ao da publicación da resolución.
- b) Os erros aritméticos en que incorran as resolucións dos tribunais poderán ser rectificadas dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución.
- c) Os erros aritméticos en que incorran as resolucións dos tribunais poderán ser rectificadas dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da publicación da resolución.
- d) Os erros aritméticos en que incorran as resolucións dos tribunais poderán ser rectificadas en calquera momento.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN PENAL

1 – O delito de difusión non consentida de imaxes íntimas recollido en artigo 197.7 segundo parágrafo do Código penal, que tipo de delito é?

- a) **É un delito leve.**
- b) É un delito menos grave.
- c) Pode considerarse un delito menos grave ou leve dependendo das circunstancias do caso.
- d) É un delito grave.

2 – O delito de usurpación de bens inmobles previsto no artigo 245.2 do Código penal, que tipo de delito é?

- a) Delito menos grave.
- b) **Delito leve.**
- c) Delito grave.
- d) Delito menos grave ou leve dependendo das circunstancias do caso.

3 – En cal destes supostos de exención da responsabilidade criminal non procede aplicar unha medida de seguridade?

- a) **Cando o exento de responsabilidade criminal obrase impulsado por medo insuperable.**
- b) Cando o exento de responsabilidade criminal, ao tempo de cometer a infracción penal, por mor de calquera anomalía ou alteración psíquica, non poida comprender a ilicitude do feito ou actuar conforme a esa comprensión.
- c) Cando o exento de responsabilidade criminal, no momento de cometer a infracción penal, se atope en estado de intoxicación plena polo consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou outras que produzan efectos análogos, sempre que non fose buscado co propósito de cometela ou non se preveise ou non se debese prever a súa comisión, ou se atope baixo a influencia dunha síndrome de abstinencia, por mor da súa dependencia de tales substancias, que lle impida comprender a ilicitude do feito ou actuar conforme a esa comprensión.
- d) Cando o exento de responsabilidade criminal, por sufrir alteracións na percepción desde o nacemento ou desde a infancia, teña alterada gravemente a conciencia da realidade.

4 – Juan sufriu unha privación de liberdade (detención e prisión provisional) desde o 2 de xaneiro ao 6 de febreiro de 2024 por un delito de roubo con violencia cometido o 1 de xaneiro de 2024, do que resultou absolto o 1 de outubro de 2024. O 30 de setembro de 2024 Juan foi condenado por un delito de furto cometido o 1 de marzo de 2024 á pena de doce meses de prisión polo cal non estivera privado previamente de liberdade. Pódense aboar os días de privación de liberdade na condena polo delito de furto?

- a) Non, porque non son delitos homoxéneos.
- b) Si, porque concorren os requisitos para iso previstos no artigo 58 do Código penal.
- c) **Non, porque o delito de furto se cometeu con posterioridade á privación de liberdade polo delito de roubo con violencia.**
- d) Non, porque polo delito de roubo con violencia non resultou condenado.

5 – No caso de que se declare a exención de responsabilidade criminal por medo insuperable, quen responde civilmente?

- a) O representante legal da persoa que executase o feito.
- b) A persoa que cometese o feito, pero pode repetir contra quen causase o medo.
- c) **Responde principalmente quen ocasionase o medo e, na súa falta, quen executase o feito.**
- d) Responde, en todo caso, quen ocasionase o medo.

6 – Alfredo resulta condenado por un delito de tráfico de drogas que non causan grave dano á saúde cometido cando tiña quince anos de idade, pode o xuíz impoñerlle unha medida de internamento en réxime pechado?

- a) Non, porque só pode impoñerse a quen tivese dezaseis anos no momento da comisión dos feitos.
- b) Non, porque se trata dun feito tipificado como delito menos grave no Código penal e na súa execución non se empregou violencia ou intimidación nas persoas, nin se xerou grave risco para a vida ou a integridade física destas.**
- c) Si, porque se trata dun delito contra a saúde pública.
- d) Si, porque esta medida pódese impoñer en calquera caso.

7 – María del Mar presencia que o seu primo carnal comete un delito de roubo con forza. Está obrigada a denuncialo?

- a) Non está obrigada a denuncialo, a teor do disposto no artigo 261 da Lei de axuizamento criminal.
- b) Non está obrigada a denuncialo, pero debe poñer os feitos en coñecemento do Ministerio fiscal.
- c) Está obrigada a denuncialo, en todo caso.**
- d) Non está obrigada a denuncialo porque non se trata dun delito contra a vida, dun delito de homicidio, dun delito de lesións dos artigos 149 e 150 do Código penal, dun delito de malos tratos habituais previstos no artigo 173.2 do Código penal, dun delito contra a liberdade ou contra a liberdade e indemnidade sexual ou dun delito de trata de seres humanos e a vítima do delito sexa unha persoa menor de idade ou unha persoa con discapacidade necesitada de especial protección.

8 – Quen é o competente para o axuizamento do delito de usurpación de bens inmobles do artigo 245.2 do Código penal?

- a) O xuíz de Violencia sobre a muller.
- b) O xuíz de instrución do partido en que o delito se cometese.**
- c) O xuíz do Penal da circunscrición onde o delito foi cometido.
- d) A Audiencia Provincial.

9 – No caso de que a persoa investigada no proceso penal teña unha discapacidade intelectual, permítese a participación dun profesional experto que a modo de facilitador realice tarefas de adaptación e axuste necesarias para que a persoa con discapacidade poida entender e ser entendida?

- a) En ningún caso. A dita previsión só está prevista para os prexudicados polo delito.
- b) Si, pero só no caso de que exista un informe do médico forense que recomende a súa participación.
- c) Si, porque así está recoñecido legalmente.**
- d) Unicamente pode estar acompañada dunha persoa da súa elección desde o primeiro contacto coas autoridades e funcionarios.

10 – En que suposto non pode acordarse o segredo de sumario?

- a) O segredo de sumario pódese acordar sempre o xuíz mediante resolución motivada.
- b) Para evitar un risco grave para a vida dunha persoa.
- c) Para previr unha situación que poida comprometer de forma grave o resultado da investigación ou do proceso.
- d) Para previr un risco grave contra o patrimonio do prexudicado.**

11 – Que delito non é susceptible en ningún caso de instrución e axuizamento polo procedemento para o axuizamento rápido de determinados delitos?

- a) O delito de roubo con violencia do artigo 242.1 do Código penal.
- b) O delito de lesións no ámbito da violencia de xénero do artigo 153.1 do Código penal.
- c) O delito de ameazas do artigo 169.1º do Código penal.**
- d) O delito de alcoholemia do artigo 379 do Código penal.

12 - Cal destes delitos non é competencia do Tribunal do Xurado?

- a) Coaccións (artigo 172 do Código penal).
- b) Homicidio (artigo 138 do Código penal).
- c) Violación de morada (artigo 202 do Código penal).
- d) Ameazas (artigo 169.1º do Código penal).

13 – Mario comete un delito de homicidio doloso polo que é detido. Este ten antecedentes penais por delitos de lesións, ameazas e contra a liberdade sexual. Podería o xuíz de oficio acordar respecto de Mario a medida cautelar de prisión provisional?

- a) Si, porque se trata dun delito grave e este ten antecedentes penais.
- b) Non, porque o xuíz non pode acordar en ningún caso a prisión provisional de oficio.
- c) Si, tras informe favorable do Ministerio Fiscal.
- d) Non, porque existen medidas cautelares menos gravosas que poderían acordarse neste caso.

14 - Canto durará a prisión provisional?

- a) O prazo imprescindible para alcanzar calquera dos fins previstos no artigo 503 da Lei de axuízamento criminal e en tanto subsistan os motivos que xustificaron a súa adopción.
- b) Un ano se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade igual ou inferior a tres anos, ou de dous anos se a pena privativa de liberdade sinalada para o delito fose superior a tres anos e non é susceptible de prórroga.
- c) Dous anos se o delito tivese sinalada pena privativa de liberdade igual ou inferior a tres anos, ou de catro anos se a pena privativa de liberdade sinalada para o delito fose superior a tres anos.
- d) Non pode superar en ningún caso os dous anos.

15 – Nun xuízo seguido contra varios acusados, se un deles non comparece no acto do xuízo, pode continuar o xuízo para os restantes?

- a) En ningún caso, porque lles xeraría indefensión.
- b) Só no caso de que o dito acusado deixase de comparecer sen motivo lexítimo, e o xuíz ou tribunal, oídas as partes, acorde a continuación do xuízo para os restantes.
- c) Só no caso de que a pena pedida polas acusacións para o devandito acusado non supere os dous anos de prisión.
- d) Só se presta a súa conformidade a iso o avogado defensor do acusado ausente.

16 – No caso de que estea acusada unha persoa xurídica, quen a representa no acto do xuízo?

- a) As persoas xurídicas non poden estar representadas no acto do xuízo.
- b) Quen ocupe o cargo de administrador da dita persoa xurídica.
- c) A persoa que, se é o caso, especialmente designe, sen que poida celebrarse o xuízo en ausencia desta persoa.
- d) A persoa que, se é o caso, especialmente designe, podendo celebrarse a vista se esta non comparecese.

17 – Pode o xuíz ou tribunal acordar de oficio a práctica dalgunha proba?

- a) En ningún caso, só as que lle soliciten as partes.
- b) Pode acordar de oficio calquera proba, pero só no caso en que se estea axuízando un delito grave.
- c) Pode acordar de oficio os acareos das testemuñas entre si ou cos procesados ou entre estes.
- d) Só pode acordar proba de oficio no caso de axuízamento de delitos de violencia de xénero.

18 – Que consecuencias ten que a declaración da testemuña no xuízo oral non sexa conforme no substancial coa prestada no sumario?

- a) Que o xuíz debe necesariamente deducir testemuño contra a testemuña polo delito de falso testemuño.
- b) Que poderá pedirse a lectura da declaración prestada no sumario por calquera das partes. Despois de lida, o presidente convidará a testemuña a que explique a diferenza ou contradición que entre as súas declaracións se observe.
- c) A única consecuencia prodúcese para os efectos de valorar a dita declaración como proba polo xuíz ou tribunal no momento de ditar sentenza.
- d) Que o xuíz pode expulsar a testemuña do acto do xuízo.

19 – Que recursos poden interpoñerse contra os decretos dos letrados da Administración de Xustiza?

- a) O recurso de reposición, excepto naqueles supostos en que proceda a interposición directa de recurso de revisión por así prevelo expresamente a Lei.
- b) Os recursos de reforma, queixa e casación.
- c) As súas resolucións non son susceptibles de recurso.
- d) Unicamente o recurso de reposición.

20 – Sofía foi condenada por un delito contra a intimidade previsto no artigo 197.1 do Código penal á pena dun ano e seis meses de prisión e a indemnizar a vítima na cantidade de 1.000 euros. A penada non ten antecedentes penais e satisfizo de maneira íntegra a responsabilidade civil. O prexudicado opónse á concesión do beneficio da suspensión da pena. Pode o xuíz acordar a suspensión da pena dun ano e seis meses de prisión que lle foi imposta?

- a) Non, en ningún caso, porque se trata dun delito perseguible mediante denuncia do prexudicado e este opónse á concesión do beneficio de suspensión da pena.
- b) Si, pode acordar a suspensión, pero soamente se o Ministerio Fiscal non se opón a esta.
- c) Si, porque concorren todos os requisitos do Código penal e a negativa do prexudicado á concesión do beneficio de suspensión da pena non é vinculante para o xuíz.
- d) Si, pode acordar a suspensión, pero soamente se a penada se arrepeniu dos feitos e pediu perdón ao prexudicado.

21 – Carlos é condenado por un delito de furto á pena dun ano de prisión, acordándose a suspensión da súa execución o 1 de setembro de 2022 por un prazo de dous anos. O 1 de marzo de 2023 Carlos comete un delito de alcoholemia polo que resulta condenado o 15 de marzo de 2023. Procede que o xuíz acorde a revogación da suspensión concedida a Carlos?

- a) Debe o xuíz acordar en todo caso a revogación da suspensión porque Carlos foi condenado por un delito cometido durante o período de suspensión.
- b) Só pode o xuíz acordar a revogación da suspensión se o solicita o Ministerio Fiscal.
- c) Neste caso, o xuíz pode non acordar a revogación da suspensión, debido a que se trata dun delito de diferente natureza e a súa comisión non revela necesariamente que a expectativa na que se fundaba a decisión de suspensión adoptada xa non poida ser mantida.
- d) En ningún caso pode o xuíz acordar a revogación da suspensión da pena porque se trata de delitos heteroxéneos.

22 – A pena dun mes de multa imposta a unha persoa xurídica, que consideración ten?

- a) De pena leve.
- b) De pena menos grave.
- c) De pena grave.
- d) Ás persoas xurídicas non se lles pode impoñer pena de multa.

23 – No caso de que unha persoa xurídica estea a ser investigada nunha causa, que medidas cautelares pode acordar o xuíz instructor durante a súa instrución?

- a) Multa, a suspensión das súas actividades e a disolución da persoa xurídica.
- b) Pode acordar a prisión provisional do administrador da persoa xurídica.

c) A clausura temporal dos locais ou establecementos, a suspensión das actividades sociais e a intervención xudicial.

d) Calquera das que están previstas como penas para as persoas xurídicas no Código penal.

24 – Se un xuíz que está a coñecer dun procedemento civil ten noticia da posible comisión dun acto de violencia de xénero, como debe proceder?

a) Debe dar traslado dos feitos ao Ministerio Fiscal para que exerza as accións oportunas.

b) Debe inhibirse, en todo caso, a favor do xuíz de violencia sobre a muller que resulte competente.

c) En calquera caso debe citar inmediatamente as partes a unha comparecencia co Ministerio Fiscal que se celebrará nas seguintes 24 horas a fin de que este tome coñecemento de cantos datos sexan relevantes sobre os feitos acaecidos.

d) Se está xa iniciado un proceso penal ou ditada unha orde de protección, débese inhibir a favor do xuíz de violencia sobre a muller que resulte competente. Noutro caso, debe citar inmediatamente as partes a unha comparecencia co Ministerio Fiscal que se celebrará nas seguintes 24 horas a fin de que este tome coñecemento de cantos datos sexan relevantes sobre os feitos acaecidos.

25 – Unha vez solicitada a orde de protección, en que prazo debe o xuíz convocar a audiencia prevista na Lei de axuízamento criminal?

a) En 72 horas desde que o presunto agresor é detido.

b) Debe convocar a unha audiencia urxente á vítima, ao solicitante, ao presunto agresor, asistido, de ser o caso, de avogado e ao Ministerio Fiscal. En calquera caso a audiencia deberá celebrarse nun prazo máximo de 72 horas desde a presentación da solicitude.

c) En 48 horas desde a presentación da solicitude.

d) No prazo máis breve posible e, en todo caso, antes de 48 horas desde a presentación da solicitude.

Preguntas de reserva

1 – Celia foi condenada como autora dun delito de estafa á pena de tres anos de prisión. Unha vez se extinguiu a súa responsabilidade penal, por cumprimento da pena, terá dereito a obter do Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes a cancelación dos seus antecedentes penais?

a) De oficio ou a instancia de parte, cando transcorrese, aínda que volvese a delinquir, o prazo de cinco anos.

b) Só de oficio e nunca a instancia de parte, cando transcorrese sen volver a delinquir o prazo de tres anos.

c) De oficio ou a instancia de parte, cando transcorrese sen volver a delinquir o prazo de tres anos.

d) De oficio ou a instancia de parte, cando transcorrese sen volver a delinquir o prazo de cinco anos.

2 – Un xuízo de xurado pode celebrarse a porta pechada?

a) Non, en ningún caso.

b) Si, pero só nos casos en que o solicite motivadamente algunha das partes e o xurado estea conforme con iso.

c) Si, se o acorda o maxistrado-presidente, oídas as partes e logo de consulta ao xurado.

d) Si, sempre que o solicite a vítima do delito.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN ADMINISTRATIVO E CONTENCIOSO- ADMINISTRATIVO

1 – No procedemento administrativo iniciado a instancia de interesado, que efecto se atribúe á inactividade do interesado no cumprimento dun trámite non indispensable para ditar resolución?

- a) Opera a caducidade do procedemento, ao producirse a paralización do procedemento, sempre que transcorresen tres meses desde a inactividade.
- b) Implica que a Administración acorde o arquivo das actuacións, notificándollo ao interesado e sen prexuízo dos recursos que procedan fronte a tal acordo.
- c) Implica a prescrición das accións do particular.
- d) **Supón a perda do interesado do seu dereito ao trámite non realizado.**

2 – Firme un acto en vía administrativa, aparecen documentos de valor esencial para a resolución do asunto que evidencian o erro da resolución firme. Con todo, tales documentos son posteriores á firmeza da resolución. Que pode facer o interesado?

- a) Firme o acto, o interesado non poderá interpoñer contra este recurso ningún.
- b) Podería interpoñer recurso de revisión se os documentos que apareceron fosen anteriores á firmeza da resolución. Sendo posteriores non cabe a interposición de recurso ningún.
- c) Pode interpoñer recurso de revisión ante o órgano superior a aquel que ditou o acto firme, que será o competente para resolvelo.
- d) **Pode interpoñer recurso extraordinario de revisión ante o órgano administrativo que ditou o acto firme, que tamén será competente para a súa resolución.**

3 – Que recurso procede contra o acordo que declara a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento administrativo?

- a) **Non procede recurso ningún.**
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso de reposición.
- d) No procedemento administrativo non é posible declarar a aplicación da tramitación de urxencia.

4 – Cal dos seguintes actos é susceptible de recurso especial en materia de contratación?

- a) Os pregos dun contrato de obras de valor estimado de 2 millóns de euros.
- b) O anuncio de licitación dun contrato de concesión de obras de valor estimado 1 millón de euros.
- c) Os pregos dun contrato de subministración de valor estimado de 20.000 euros.
- d) **Os pregos dun contrato de servizos de valor estimado de 200.000 euros.**

5 – De que asunto corresponde coñecer en única instancia á Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo?

- a) **Dos recursos que se deduzan en relación cos actos e disposicións do Consello Xeral do Poder Xudicial.**
- b) Dos actos de natureza económico-administrativa ditados polo Tribunal Económico-Administrativo Central.
- c) Dos recursos que se deduzan en relación cos actos dos Ministros en materia de persoal cando se refiran ao nacemento ou extinción da relación de servizo de funcionarios de carreira.
- d) Das resolucións que acorden a inadmisión das peticións de asilo político.

6 – Aurora presenta reclamación de responsabilidade patrimonial fronte ao Concello de Badaxoz, pola que solicita indemnización polos danos e perdas sufridos por unha caída na vía pública, como consecuencia do mal estado da beirarrúa. A caída causoulle unha secuela permanente. Desde cando se pode computar o prazo para reclamar para os efectos da prescrición?

- a) Desde a data na que se produciu a caída.
- b) En todo caso, transcorrido un mes desde a data na que se produciu a caída.
- c) **Desde a data de determinación do alcance da secuela.**

d) O prazo para reclamar non prescribe.

7 – Laura pon en coñecemento do Concello da súa cidade que o seu veciño Roberto causou danos na vía pública. Como se iniciará o procedemento sancionador que se incoe como consecuencia destes feitos denunciados?

a) Sempre de oficio por acordo do órgano competente.

b) Trátase dun procedemento iniciado a instancia de parte, ao ser iniciado por Laura, e esta terá a consideración de interesada.

c) Iníciase a instancia de parte, por Laura, aínda que a mera presentación de denuncia non confire a Laura a condición de interesada.

d) Iníciase a instancia de parte, por Roberto, ao ser este o interesado.

8 – No proceso contencioso-administrativo, pode o xuíz acordar de oficio a extensión dos efectos das probas periciais a outros procedementos conexos?

a) Non, en ningún caso. O principio de indemnidade de proba impide acordar a extensión dos seus efectos.

b) Non, pois tal extensión podería ser acordada a instancia de parte, pero nunca de oficio.

c) Si, sen necesidade de oír as partes.

d) Si, previa audiencia ás partes.

9 – Sinale cal das seguintes afirmacións, en relación co recurso de casación, é correcta.

a) As sentenzas ditadas en única instancia polos xulgados do contencioso-administrativo en ningún caso son susceptibles de recurso de casación.

b) O recurso de casación preparárase ante a Sala de instancia no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución que se recorre.

c) Contra o auto de admisión de recurso de casación caberá recurso de reposición.

d) A preparación do recurso de casación non impedirá a execución provisional da sentenza recorrida.

10 – Ramón, funcionario público, reclamou á Administración o aboamento de determinado complemento retributivo que, polo simple exercicio das funcións propias do seu cargo, ao seu criterio e conforme a normativa de aplicación, tiña dereito a percibir. A Administración ditou resolución rexeitando a súa reclamación. A referida resolución puxo fin á vía administrativa sendo susceptible de recurso ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid. Non obstante, Ramón, decidiu non interpoñer contra ela recurso contencioso-administrativo. Tres meses despois da notificación da resolución desacollidora, Ramón ten coñecemento de que, en favor do seu compañeiro, respecto ao que se atopa en idéntica situación, a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, ditou sentenza acolledora, recoñecendo o dereito para percibir as cantidades que el reclamou ante a Administración. A referida Sentenza gaña firmeza. A solicitude de extensión de efectos de tal sentenza realizada por Ramón prosperaría?

a) Si, ao tratarse dunha cuestión de persoal, atopándose Ramón en idéntica situación que o favorecido pola resolución.

b) Si, pero unicamente se o solicitase no prazo dun ano desde a última notificación da sentenza a quen foi parte no proceso.

c) Non, o incidente rexeitaríase ao existir cousa xulgada.

d) Non, o incidente rexeitaríase, pois para Ramón se ditou resolución que, causando estado en vía administrativa, é consentida e firme.

11 – No ámbito da expropiación forzosa, en cal dos seguintes supostos o primitivo dono poderá recobrar a totalidade do expropiado, operando a institución da reversión?

a) Cando a execución da obra estivese suspendida durante un ano por causas imputables á Administración sen que se producise por parte desta ningún acto expreso para a súa continuación.

- b) Cando se produza a desafectación do fin que xustificou a expropiación e, simultaneamente, se acorde xustificadamente unha nova afectación a outro fin que fose declarado de utilidade pública.
- c) Cando transcorresen cinco anos desde a toma de posesión do ben expropiado sen iniciarse a execución da obra.
- d) Cando transcorrese un ano desde a toma de posesión do ben expropiado sen iniciarse a execución da obra.

12 – Respecto a que familiares se estende o dereito de reagrupamento en España da persoa estranxeira residente?

- a) Respecto dos seus dous cónxuxes simultaneamente, sempre que a lei persoal da persoa estranxeira admita esta modalidade matrimonial.
- b) Respecto do seu fillo de vinte e cinco anos, obxectivamente capaz de prover ás súas propias necesidades e sen problemas de saúde.
- c) Respecto do seu pai, sempre e en todo caso, cando sexa maior de cincuenta anos.
- d) Respecto do seu sogro, que se atopa ao seu cargo, ten oitenta anos e respecto do que existen razóns que xustifican a necesidade de autorizar a súa residencia en España.

13 – Cal dos seguintes suxeitos está lexitimado para promover unha reclamación económico-administrativa?

- a) O suxeito infractor, en relación coa resolución pola que se impuxo a sanción.
- b) A persoa que denunciou a comisión da infracción por un terceiro, en relación coa resolución pola que se decide a non imposición de sanción.
- c) Quen asumise a obriga tributaria a través dun contrato.
- d) O organismo que ditou o acto impugnado.

14 – Interposta reclamación económico-administrativa fronte a unha sanción tributaria, que ocorre coa execución da sanción?

- a) Quedará suspendida a instancia do interesado, pero unicamente se se garante o importe da dita sanción.
- b) Quedará suspendida a instancia do interesado, pero unicamente se se garante o importe da dita sanción e os intereses de demora que xere a suspensión.
- c) En vía económico-administrativa non é posible a suspensión da execución da sanción impugnada.
- d) Quedará suspendida automaticamente sen necesidade de achegar garantías.

15 – No procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa, cal é o prazo para formalizar demanda?

- a) Oito días.
- b) Dez días.
- c) Vinte días.
- d) Dous meses.

16 – Fernando, funcionario público, pretende interpoñer recurso contencioso-administrativo fronte á resolución ditada pola Administración, que rexeita a reclamación formulada pola que solicita o aboamento de cantidades que, segundo entende Fernando, lle corresponden polo exercicio das súas funcións. Precisa ser asistido por avogado?

- a) Si, nas actuacións procesuais no ámbito contencioso-administrativo, é preciso en todo caso a asistencia de avogado.
- b) Si, e ademais deberá conferir a súa representación a un procurador.
- c) Ao ser un funcionario público e reclamar contra a Administración, a representación e defensa de Fernando teraa, necesariamente, un avogado do Estado.
- d) Non é preciso, pois Fernando, como funcionario público, pode comparecer por si mesmo en defensa dos seus dereitos estatutarios, ao quedar referido o asunto a unha cuestión de persoal que non implica separación de empregados públicos inamovibles.

17 – A Administración que ditou un acto administrativo, está lexitimada para a súa impugnación ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa?

- a) Non, en ningún caso. Conforme ao principio que impide ir contra os propios actos, a Administración debe aquietarse ao contido deste.
- b) Non, pois unicamente os particulares poden impugnar os actos administrativos.
- c) Si, sempre que previamente revisase de oficio o referido acto.
- d) Si, logo da súa declaración de lesividade para o interese público nos termos establecidos na lei.

18 – No ámbito dos contratos do sector público, que efecto produce a resolución por incumprimento culpable do contratista?

- a) Ao contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a Administración polos danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.
- b) Os dereitos das partes acomodaranse ao validamente estipulado por elas, sen que máis aló de tal estipulación exista ningunha obriga para o contratista.
- c) Ao contratista seralle incautada a garantía. Iso exclúe a súa responsabilidade, sen que exista obriga de aboar os danos e perdas ocasionados que excedan do importe da garantía incautada.
- d) A Administración deberá pagar ao contratista os danos e perdas que deriven da resolución, pois este tiña unha lexítima expectativa á continuidade na execución do contrato.

19 – Que resolución resolve o incidente cautelar?

- a) Auto.
- b) Sentenza.
- c) Providencia.
- d) Dilixencia de ordenación.

20 – Fronte ao auto ditado pola Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid polo que se rexeitan as alegacións previas formuladas pola parte demandada nas que se alegaba que o recurso contencioso-administrativo fora interposto por persoa non debidamente lexitimada, que recurso cabe interpoñer?

- a) Recurso de casación, ao afectar a ausencia de lexitimación a unha cuestión improrrogable no ámbito contencioso-administrativo.
- b) Recurso de reposición.
- c) Recurso de apelación.
- d) Non cabe recurso ningún.

21 – Iniciado un procedemento administrativo a solicitude de 4 interesados distintos mediante a presentación conxunta por estes de escrito de iniciación, que efectos producirá a desistencia presentada por un deles?

- a) A desistencia afecta á totalidade de interesados.
- b) A desistencia só afectará a aquel que o formulase.
- c) A desistencia non producirá efectos, pois para iso sería preciso que o formulasen os 4 interesados de forma conxunta.
- d) Non é posible desistir dun procedemento xa iniciado.

22 – Que recurso administrativo procede interpoñer contra unha disposición administrativa de carácter xeral?

- a) Recurso de reposición.
- b) Recurso de alzada.
- c) Non cabe recurso en vía administrativa.
- d) Recurso extraordinario de revisión.

23 – Cayetana recibe, con data do 6 de maio de 2024, notificación de inicio de procedemento sancionador. Nesta notificación, outórgaselle prazo de dez días para proceder a presentar as alegacións que estime conveniente. Cayetana ten programada unha viaxe o día 7 de maio e é ao regresar desta, o día 28 de maio de 2024, cando lembra que non presentou alegacións. Decide entón solicitar a ampliación do prazo outorgado, por cinco días, presentando tal solicitude o día 29 de maio de 2024. Pode a Administración conceder a ampliación do prazo?

- a) Si, a Administración poderá conceder a pedimento do interesado unha ampliación do prazo establecido, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
- b) Si, logo de notificación, xa que o prazo de ampliación solicitado non excede da metade do prazo inicial.
- c) **Non, porque non poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido.**
- d) Non, porque a ampliación do prazo só poderá ser acordada pola Administración de oficio, nunca a pedimento do interesado.

24 – Que consecuencia ten o acordo de aplicación ao procedemento administrativo da tramitación de urxencia cando razóns de interese público o aconsellen?

- a) **Os prazos establecidos para o procedemento ordinario reduciranse á metade, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.**
- b) Os prazos establecidos para o procedemento ordinario reduciranse á metade, incluídos os relativos á presentación de solicitudes e recursos.
- c) Os prazos establecidos para o procedemento ordinario reduciranse a unha terceira parte.
- d) O único efecto será a redución á metade do prazo previsto para ditar resolución.

25 – Ao coñecemento e decisión de que cuestións se estende a competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa?

- a) **Ao coñecemento e decisión das cuestións prexudiciais e incidentais non pertencentes á orde administrativa, directamente relacionadas cun recurso contencioso-administrativo, salvo as de carácter constitucional e penal e o disposto nos tratados internacionais.**
- b) Ao coñecemento e decisión das cuestións prexudiciais e incidentais non pertencentes á orde administrativa, directamente relacionadas cun recurso contencioso-administrativo incluídas as de carácter constitucional e penal.
- c) Non se estende ao coñecemento e decisión de cuestión prexudicial ou incidental gunha non pertencente á orde administrativa.
- d) Ao coñecemento e decisión das cuestións prexudiciais e incidentais non pertencentes á orde administrativa sempre que sexan de carácter constitucional e estean relacionadas cun recurso contencioso-administrativo.

Preguntas de reserva

1 – A Catalina notifícaselle resolución que rexeita o recurso de anulación que interpuxo contra a resolución desacollidora dunha reclamación económico-administrativa. O recurso de anulación interpúxose alegando a existencia de incongruencia completa e manifesta da resolución e Catalina advirte que a resolución que o rexeita volve incorrer en tal incongruencia completa e manifesta. Pode interpoñer contra a resolución notificada recurso de anulación?

- a) **Non, non cabe deducir novamente recurso de anulación contra a súa resolución.**
- b) Si, pois a existencia de incongruencia completa e manifesta da resolución xustifica a nova interposición de recurso de anulación.
- c) Non, podería interpoñer recurso de anulación por un motivo distinto, pero non polo mesmo motivo.
- d) Si, en calquera caso. A resolución que resolve o recurso de anulación é sempre susceptible de novo recurso de anulación.

2 – Quen está obrigado a prestar a colaboración requirida polos xuíces e tribunais do contencioso-administrativo para a debida e completa execución do resolto?

- a) Unicamente quen foi parte no proceso.
- b) Unicamente a Administración Pública.
- c) Todas as persoas e entidades públicas e privadas.
- d) As persoas e entidades públicas, pero non as privadas.

ESPECIALIDADE XURÍDICA EN LABORAL

1 – No proceso monitorio laboral se se formula oposición só en canto a parte da cantidade reclamada, cal das seguintes respostas é a correcta?

- a) O xulgado despachará execución pola totalidade da cantidade.
- b) Darase traslado á parte actora, que dispoñerá de catro días para manifestar o que ao seu dereito conveña sobre a oposición. No caso contrario, será tida por desistida.
- c) O demandante poderá solicitar do xulgado que se dite auto que acolla a reclamación en canto ás cantidades recoñecidas ou non impugnadas. Este auto servirá de título de execución sen necesidade de esperar a resolución que recaia respecto do resto da cantidade reclamada.
- d) O demandante poderá solicitar do xulgado que se dite auto que acolla a reclamación en canto ás cantidades recoñecidas ou non impugnadas. Este auto servirá de título de execución cando recaia resolución respecto das cantidades controvertidas.

2 – Cando nun proceso monitorio laboral o requirimento de pago ao empresario non puido realizarse na súa persoa, que trámite debe seguir o xulgado?

- a) Procederase a requirir por edictos e, transcorrido o prazo conferido no requirimento sen oposición, ditarase decreto dando por terminado o proceso monitorio e dando traslado ao demandante para que inste o despacho de execución.
- b) Ditarase resolución convocando vista que seguirá a tramitación do procedemento ordinario.
- c) Ditarase resolución convocando vista seguindo a tramitación do procedemento ordinario, previo traslado ao demandante por tres días para que manifeste o que ao seu dereito conveña.
- d) Ditarase decreto de maneira inmediata dando por terminado o procedemento monitorio e arquivando o mesmo.

3 – Manuel, empregado da mercantil XXX S.L., leva cinco meses sen percibir o seu salario alegando a empresa dificultades económicas. Acode a un profesional da avogacía que lle aconsella presentar demanda de extinción da relación laboral por falta de pagamento de salarios e reclamación das cantidades debidas. Finalmente, aquel só presenta demanda reclamando os salarios debidos. Indique a resposta correcta.

- a) O procedemento será urxente e preferente dada a causa de falta de pagamento dos salarios.
- b) O procedemento é ordinario sen preferencia nin urxencia fronte ao resto dos que se tramiten no xulgado.
- c) O procedemento é ordinario, pero goza de preferencia fronte aos despedimentos dado que a falta de pagamento é causa de extinción da relación laboral.
- d) O procedemento é ordinario, pero goza de preferencia fronte aos despedimentos en que a empresa non tramitou a baixa na Tesourería Xeral da Seguridade Social aos que se refire o artigo 103 da Lei reguladora da xurisdición social.

4 – O Xulgado do Social de Elxe condena a Lorena a suspensión de emprego e soldo de vinte días por agredir a un compañeiro de traballo en horario laboral, falta que está contemplada como grave no convenio colectivo de aplicación á empresa. Pode a traballadora recorrer esta sentenza?

- a) Non, porque nos procesos de sanción non cabe recurso.
- b) Si, porque se trata de impugnar unha sanción por falta grave que foi confirmada xudicialmente.
- c) Non, porque se trata de impugnar unha sanción por falta grave que foi confirmada xudicialmente.
- d) Si, porque nos procesos de sanción por falta grave e moi grave sempre cabe recurso.

5 – No proceso laboral, en que supostos pode o órgano xudicial pedir ás partes a achega anticipada ao acto da vista da proba documental de que tenten valerse?

- a) Tras a aprobación do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado, as partes deben presentar todos os documentos con antelación ao acto da vista en formato electrónico para a súa incorporación ao expediente xudicial.

- b) O órgano xudicial pode pedir a achega anticipada ás partes da proba documental, en calquera caso.
- c) O titular do órgano xudicial poderá pedir a achega anticipada cando, polo seu volume ou complexidade, resulte conveniente o seu exame previo ao acto da vista.
- d) O titular do órgano xudicial poderá pedir a achega anticipada cando, polo seu volume ou complexidade, resulte conveniente o seu exame previo ao acto da vista, pero só se media previa petición de parte.

6 – Na orde xurisdiccional social, están as persoas traballadoras obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración de Xustiza?

- a) Si. Tras a aprobación do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, que no seu Libro primeiro introduce medidas de eficiencia dixital e procesual do servizo público de xustiza, en todo caso, a persoa traballadora na súa demanda deberá achegar unha dirección de correo electrónico ou calquera outro medio idóneo que permita a súa comunicación telemática.
- b) Non. A persoa traballadora non está obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración de Xustiza, salvo que no contrato de traballo aceptase a dita obriga.
- c) Si. Tras a aprobación do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, que no seu libro primeiro introduce medidas de eficiencia dixital e procesual do servizo público de xustiza, a persoa traballadora está obrigada a relacionarse electronicamente co xulgado, salvo que no contrato de traballo ambas as partes aceptasen a dispensa desta obriga.
- d) Non. A persoa traballadora non está obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración de Xustiza, sen que caiba a posibilidade de obrígala no contrato de traballo.

7 – Durante a celebración dunha vista por despedimento a avogada da empresa na súa quenda de intervención formula a suspensión e novo sinalamento a fin de acumular a demanda que por reclamación de salarios se segue entre as mesmas partes noutro xulgado. Indique a resposta correcta.

- a) Se a parte demandante non se opón o xuíz ou xuíza deberá acordar a suspensión a tal fin.
- b) Se a parte demandante se opón o xuíz ou xuíza pode acordar a suspensión a tal fin.
- c) Non pode neste caso acordarse a acumulación xa que non se formulou antes dos actos de conciliación e xuízo.
- d) É preceptiva a suspensión para a acumulación xa que ambas as demandas deben tramitarse conxuntamente.

8 – Nos autos que baixo o nº 000 se seguen por despedimento no Xulgado do Social nº 1 de Madrid a empresa demandada non acudiu ao acto de conciliación ante o servizo administrativo correspondente malia estar debidamente citada. Na vista o avogado da empresa non ofreceu xustificación. A xuíza dita sentenza pola que acolle a demanda e imponse as custas, incluídos honorarios, á indicada mercantil. Podería, ademais, impoñerlle unha sanción pecuniaria?

- a) Non. Nos casos de incomparecencia aos actos de conciliación sen causa xustificada aplicaranse exclusivamente as medidas do artigo 66.3 da Lei reguladora da xurisdición social, que se refire precisamente ás custas do proceso.
- b) Si. Ademais das custas, a xuíza podería impoñer á empresa unha sanción pecuniaria, pero só no caso de que a parte demandante o solicitase na súa demanda ou no acto da vista.
- c) Si. Ademais das custas, a xuíza podería impoñer á empresa unha sanción pecuniaria, logo de solicitude de parte ou de oficio.
- d) A xuíza está obrigada a impoñer ademais unha sanción pecuniaria, dentro dos límites que se fixan no apartado 4 do artigo 75, sempre que a parte demandante o solicitase na súa demanda ou na vista por incomparecencia inxustificada da empresa.

9 – A mercantil AAA S.L. conta con 2 centros de traballo na provincia de Tarragona: un deles con 121 traballadores e o outro con 53. A que órgano lle corresponderá a representación destes para participar na empresa e defender os seus intereses?

- a) Aos delegados de persoal en número de 3 en cada un dos centros de traballo.
- b) En cada centro de traballo deberase constituír un comité de empresa propio.
- c) Como son 2 centros de traballo na mesma provincia constituirase un comité de empresa conxunto.

d) No centro de traballo con 121 empregados constituirase un comité de empresa e no que conta con 53, a representación corresponderálles aos delegados de persoal en número de 3.

10 – En relación coa figura do preito testemuña que foi introducida na Lei reguladora da xurisdición social polo Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xustiza, función pública, réxime local e mecenado, indique a resposta correcta.

a) A sentenza ditada no preito testemuña será recorrible en suplicación só se procede por razón da contía ou da materia.

b) A preferencia na tramitación dun ou varios procesos respecto ao resto será realizada polo órgano xurisdiccional tendo en conta a materia sobre a que versen e a orde de presentación das respectivas demandas.

c) Unha vez firme a sentenza ditada, o xuíz, a xuíza ou tribunal dispón dun prazo de quince días para acordar a extensión de efectos a aqueles que quedaron suspendidos.

d) É esixible a audiencia ás partes con carácter previo á tramitación do preito testemuña.

11 – A empresa BBB S.L., ante as graves perdas económicas dos dous últimos exercicios, anunciou ao seu persoal a necesidade de extinguir os contratos de traballo de 30 empregados dos 120 que a compoñen. Indique a resposta correcta.

a) A empresa non está obrigada a seguir os trámites propios dun despedimento colectivo tendo en conta o número de extincións e o período de cómputo.

b) A empresa debe abrir un período de consultas cos representantes dos traballadores non superior a trinta días naturais.

c) A empresa debe informar os traballadores afectados con quince días de antelación, pero non está obrigada a abrir consultas.

d) A empresa debe compensar os traballadores afectados cunha indemnización equivalente a trinta e tres días de salario por ano traballado.

12 – Unai traballa nunha empresa de 78 traballadores e foi elixido o seu representante. Quere comezar coñecendo os distintos centros de traballo con que conta a empresa para o mellor exercicio das súas funcións. Indique a resposta correcta.

a) Dispón de quince horas mensuais retribuídas para o exercicio das súas funcións de representación.

b) Dispón de quince días ao ano para o exercicio de funcións de representación.

c) Dispón de quince horas mensuais para o exercicio de funcións de representación, pero non son retribuíbles pola empresa.

d) O crédito horario de que dispón non inclúe as visitas aos centros de traballo da empresa.

13 – A empresa CCC S.L. comunica aos 18 empregados do departamento de comunicación e publicidade que, por razóns organizativas, prestarán servizos nun horario diferente ao que veñen realizando de maneira habitual. A mercantil conta cun persoal total de 450 persoas traballadoras. Indique a resposta correcta.

a) Trátase dunha modificación de condicións de traballo de carácter colectivo.

b) Trátase dunha modificación individual de condicións de traballo xa que afecta a menos de 50 empregados nunha empresa con máis de 300 traballadores.

c) Trátase de 18 modificacións individuais de condicións de traballo.

d) Non podemos falar de modificacións de contrato ao viren amparadas en causas económicas.

14 – Unha empresa con forma de sociedade de responsabilidade limitada e cun persoal de 52 persoas traballadoras quere extinguir a personalidade xurídica da sociedade e liquidala deixando a actividade. Consulta o seu despacho de profesionais da avogacía que deberá facer cos contratos de traballo.

a) Nos casos de extinción da personalidade xurídica da empresa aplícase o relativo á morte, xubilación ou invalidez do empresario persoa física e os traballadores terán dereito ao aboamento dunha cantidade equivalente a un mes de salario.

- b) Neste caso, ao tratarse dunha sociedade mercantil deberá obrigatoriamente solicitar a declaración de concurso de acredores e unha vez finalizado o concurso proceder á extinción dos contratos por causas obxectivas de carácter individual regulado no artigo 52 do Estatuto dos traballadores.
- c) Neste caso, deberán seguirse os trámites da modificación substancial de condicións de carácter colectivo regulado no artigo 41 do Estatuto dos traballadores.
- d) Neste caso, deberán seguirse os trámites do despedimento colectivo.

15 – Á traballadora Meritxell modificáronlle o seu horario de traballo polo que interpuxo demanda contra a empresa. A sentenza foi favorable e declarou a modificación de condicións de traballo inxustificada. A pesar diso, a empresa non procedeu a reintegrala no seu horario laboral anterior. Que pode facer a traballadora?

- a) A traballadora poderá solicitar a execución da resolución ante o xulgado do social e a extinción do contrato conforme ao establecido para as sentenzas firmes de despedimento na Lei reguladora da xurisdición social.
- b) A traballadora non poderá solicitar a execución da resolución ante o xulgado do social ata pasados dous meses da firmeza da sentenza.
- c) A traballadora poderá solicitar a execución da resolución ante o xulgado do social solicitando a extinción do contrato co pago en todo caso da indemnización prevista para a extinción por causas obxectivas.
- d) A traballadora poderá solicitar a execución da resolución ante o xulgado do social e continuar percibindo o seu salario coa mesma periodicidade e contía que a declarada na sentenza durante tres meses.

16 – Joan obtivo unha sentenza favorable fronte ao Concello para o que vén prestando servizos laborais desde hai vinte anos. A pesar de que transcorreron varias semanas desde a súa firmeza, a entidade local non procede a cumprir o resolto. Pode Joan acudir ao xulgado para solicitar a execución forzosa?

- a) Unha vez alcance firmeza a sentenza, a parte interesada pode en calquera momento solicitar a execución forzosa ao xulgado.
- b) Haberá que estar ao prazo que, en todo caso, o órgano xurisdiccional debe fixar en sentenza.
- c) Salvo que se fixase outro prazo diferente, con carácter xeral as sentenzas ditadas contra entes públicos deberaas levar a efecto a Administración ou entidade dentro do prazo de tres meses a partir da súa firmeza. Só transcorrido este prazo poderá a parte interesada solicitar a execución.
- d) A parte interesada poderá solicitar a execución transcorridos dous meses desde a firmeza, salvo que a sentenza fixase un prazo inferior.

17 – Daliana foi despedida pola súa empresa que lle debe na data de finalización da súa relación laboral máis de dous meses de salario. Acode ao seu despacho profesional pedindo asesoramento. Indique a resposta correcta.

- a) Vostede infórmaa de que ao non seren accións acumulables deberá presentar dúas demandas, unha impugnando a decisión extintiva empresarial e outra reclamando o salario debido.
- b) Vostede infórmaa da obrigatorioidade de acumular o exercicio de ambas as accións nunha soa demanda posto que de non o facer así decaerá o seu dereito para reclamar no futuro o salario debido.
- c) Vostede infórmaa de que pode acumular á acción de despedimento a reclamación dos salarios que se lle deben.
- d) Vostede infórmaa de que prescribiu a acción de reclamación de salarios tras a finalización da relación laboral.

18 – Mentres está desenvolvendo as funcións propias para as que foi contratada, Celima sofre un desmaio con perda de conciencia polo que é trasladada a un centro hospitalario e inicia un período de incapacidade temporal derivada de accidente de traballo. Indique a resposta correcta.

- a) O subsidio aboarase desde o cuarto día de baixa no traballo e non percibe salario nin prestación ata entón.
- b) O subsidio será aboado desde o primeiro día polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou, de ser o caso, pola Mutua correspondente.
- c) O subsidio aboarase desde o día seguinte ao da baixa, e será a cargo do empresario o salario correspondente ao mesmo día da baixa.

d) O subsidio será aboado a partir do cuarto día de baixa no traballo polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou, de ser o caso, pola Mutua correspondente, aínda que desde o día cuarto ao décimo quinto de baixa, ambos inclusive, o subsidio estará a cargo do empresario.

19 – Cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa excedencia voluntaria por coidado de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razón de idade, enfermidade, accidente ou discapacidade, non poidan valerse por si mesmos, e non desempeñen unha actividade retribuída?

- a) Consideraranse efectivamente cotizados os períodos de ata tres anos de excedencia só para os efectos das prestacións de incapacidade permanente, xubilación, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.
- b) Consideraranse efectivamente cotizados os períodos de ata tres anos de excedencia só para os efectos das prestacións de incapacidade permanente, xubilación, incapacidade temporal, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.
- c) Considerarase efectivamente cotizado o período de duración non superior aos dous anos desta excedencia só para os efectos das prestacións de incapacidade permanente, xubilación, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.
- d) Consideraranse efectivamente cotizados os períodos de ata tres anos de excedencia só para os efectos das prestacións de incapacidade permanente e xubilación.

20 – Con que frecuencia ten dereito o comité de empresa a ser informado sobre os accidentes de traballo que ocorran na empresa?

- a) A empresa debe comunicar ao comité de empresa os accidentes de traballo e enfermidades profesionais tan pronto se produzan.
- b) Trimestralmente.
- c) Mensualmente.
- d) O empresario non ten obrigaón de ofrecer esta información.

21 – En cal dos seguintes supostos a lexislación laboral admite a suspensión do contrato de traballo con recíproca exoneración das obrigas de traballar e remunerar?

- a) Durante as vacacións.
- b) Mutuo acordo das partes.
- c) Cando exista sentenza condenatoria que prive de liberdade á persoa traballadora.
- d) Durante o descanso de fin de semana.

22 – Erea recibe notificación do Instituto Nacional da Seguridade Social pola que reclama o reintegro como indebidamente das prestacións por incapacidade temporal que percibiu anos atrás. Que período abrangue a obriga de reintegro?

- a) A obriga de reintegro das prestacións indebidamente percibidas prescribe aos catro anos.
- b) A obriga de reintegro das prestacións indebidamente percibidas prescribe aos cinco anos.
- c) A obriga de reintegro das prestacións indebidamente percibidas prescribe ao ano.
- d) A obriga de reintegro das prestacións indebidamente percibidas caduca aos catro anos.

23 – A empresa DDD S.L. decide sancionar un empregado pola comisión dunha falta de desobediencia tipificada como falta grave. Cando prescribe esta falta?

- a) Aos vinte días a partir da data da comunicación escrita ao traballador e, en todo caso, aos seis meses de se cometer.
- b) Aos sesenta días a partir da data da comunicación escrita ao traballador e, en todo caso, aos seis meses de se cometer.
- c) Aos vinte días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión, e, en todo caso, aos seis meses de se cometer.
- d) Aos sesenta días a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión e, en todo caso, aos seis meses de se cometer.

24 – Tras a tramitación do recurso de suplicación fronte á sentenza que declarou a nulidade do despedimento de Flor, o Tribunal Superior de Xustiza revoga tal pronunciamento rexeitando a demanda e absolvendo á empresa. Esta preguntalle como profesional da avogacía se pode reclamar á traballadora os salarios que lle aboou durante a tramitación do recurso. Indique a resposta correcta.

- a) Se a traballadora durante a tramitación do recurso estivo a percibir a mesma retribución que percibía con anterioridade ao seu despedimento, pero estivo dispensada da prestación de servizos, a empresa poderá reclamar os salarios aboados.
- b) A empresa non pode reclamar os salarios que aboase á traballadora durante a tramitación do recurso e deberá aboar ademais os devindicados ata a firmeza da sentenza de suplicación.**
- c) A traballadora non estará obrigada a reintegrar os salarios que percibise ata a data do ditado da sentenza de suplicación.
- d) Se a sentenza que declarou a nulidade fose revogada totalmente, a traballadora está obrigada a reintegrar os salarios percibidos ata a firmeza da sentenza de suplicación.

25 – Nun procedemento seguido fronte á empresa FFF S.L., incurso nun procedemento concursal, ditouse sentenza condenatoria ao aboamento de certas cantidades, pero decide non recorrer. Pode o Fondo de Garantía Salarial, que interveu como parte no preito, recorrer contra esta sentenza?

- a) Non, porque só podería recorrer contra a sentenza se a mercantil decidise facelo.
- b) Non, porque nunca podería facelo, aínda que sexa parte no preito.
- c) Si, porque o Fondo de Garantía Salarial dispón de plenas facultades de actuación no proceso como parte.**
- d) Si, pero precisará de autorización do Administrador Concursal.

Preguntas de reserva

1 – Valentín, empregado da mercantil MMM S.L. sofre un accidente de tráfico mentres regresaba ao seu domicilio despois do traballo, e é declarado en situación de incapacidade permanente total para a súa profesión habitual de cristaleiro. O condutor do vehículo contrario é condenado por sentenza firme como autor dun delito de lesións por imprudencia. Indique a resposta correcta.

- a) Valentín deberá reclamar o aboamento das prestacións de incapacidade directamente ao terceiro responsable ou, se é o caso, ao subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigas.
- b) As prestacións faraas efectivas a entidade xestora, servizo común ou mutua colaboradora que corresponda, sen prexuízo de que teñan dereito a reclamar ao terceiro responsable ou, se é o caso, ao subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigas, o custo das prestacións que satisfixesen.**
- c) O terceiro responsable ou, se é o caso, o subrogado legal ou contractualmente nas súas obrigas, só será responsable doutras indemnizacións que se poidan declarar no procedemento penal ou civil, pero non das prestacións sanitarias.
- d) Para reclamar as prestacións tanto a entidade xestora como o traballador deberán comparecer no procedemento civil ou penal seguido para facer efectiva a indemnización.

2 – A Gloria a empresa notifícalle o cambio da súa quenda de traballo por necesidades organizativas. Acode ao seu despacho para solicitar asesoramento profesional sobre como proceder.

- a) Se quere impugnar a decisión empresarial debe presentar papeleta de conciliación contra a empresa con carácter previo á demanda.
- b) Se decide impugnar a decisión empresarial pode presentar directamente demanda.**
- c) En primeiro lugar debe dirixir escrito á empresa manifestando a súa desconformidade.
- d) Debe presentar reclamación previa en vía administrativa.